

## Remite a incidencia da terceira vaga da covid, que afectou máis ao occidente

A terceira vaga da covid, que tivo unha gran incidencia na provincia, remitiu tamén máis rapidamente do esperado debido á implantación de estritas medidas de contención que levan en activo dende a última semana de xaneiro e que se prolongarán ata o 17 de febreiro, en primeira instancia, aínda que o presidente xa anunciou que se relaxarán algo tralo Entroido. En principio a situación mellora a nivel de contaxios, seguindo a mesma liña que no resto da provincia e tamén en Galicia. A incidencia segue alta en Viveiro pero baixando rapidamente e no resto está en niveis baixos. **Pax. 2**

## Alcoa negocia coa Sepi

Traballadores e empresa chegaron a un acordo para iniciar o proceso de venda da factoría tras suspender a folga indefinida que tiñan dende outubro



Finalmente e se nada de torce, Alcoa venderá a súa factoría á Sepi, coa que se atopa negociando estes días tras acatar a listaxe de demandas presentada polo comité de empresa para suspender a folga indefinida que mantiñan dende o mes de outubro, cando fracasou o outro proceso de venda a Liberty House. Aínda que falta a comunicación oficial, as partes están convencidas de que pronto haberá acordo e o comité espera a primeira comunicación da empresa sobre o avance das negociacións que ten como data límite o prazo ata a terceira semana deste mes. A esperanza volve á Mariña. **Pax. 3**

**foz.** Cajoto presenta unha batería de axudas para afectados pola covid. **Pax. 5**

**viveiro.** María Loureiro anuncia máis axudas para empresarios. **Pax. 8**

**burela.** Licitan as obras no campo de fútbol da Marosa. **Pax. 10**

**xove.** Abre o prazo de solicitude das axudas do Plan de Emprego. **Pax. 17**

**cervo.** O Pleno aproba un orzamento de 6,4 millóns de euros. **Pax. 21**

**mondoñedo.** Acordo entre partidos para deseñar o plan de axudas. **Pax. 23**

**mar.** Suspenden a celebración de Expomar de este ano. **Pax. 26**

### O Entroido será virtual este ano



Os concellos optaron por concursos on line.

### Cunqueiriana de Honra 2021



Rexina Vega recibirá a distinción o día 28. **Pax. 23**

### Botadura no porto de Foz



Un barco construído no polígono de Fazouro. **Pax. 26**

## Os concellos perfilan a lista de obras do Plan Único

Os concellos mariñosos ultiman estes días os proxectos nos que investirán este ano os cartos do Plan Único da Deputación. Os concellos teñen ata o venres para dar conta das actuacións previstas, que contemplan,

como se reflicte na normativa, destinar unha parte importante ao alfartado de camiños. Ademais, haberá partidas para outras obras nas contornas rurais, para o SAF e mesmo para axudas contra a covid.

## Guau, que rebaixas!

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo

REBAIXAS

**50%**

ATÉ O VERÁN

En TODOS os paquetes de fibra



**22€/mes**  
durante 6 meses

IVE e cota de liña incl. (despois 44€/mes)



Fibra 1.000 Mb



Móbil 23 GB



Chama gratis ao 900 651 679

# A MARIÑA

## Aberto o prazo para solicitar as axudas da PAC do pasado ano



O prazo estará aberto ata o 30 de abril

O DOG publicou a orde da Consellería do Medio Rural que regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema Integrado de Xestión e Control, as coñecidas como axudas da PAC. Os gandeiros e agricultores galegos poderán presentar a solicitude única ata o 30 de abril, accedendo directamente cun certificado dixital á aplicación informática SGA ou acudindo ás distintas entidades colaboradoras.

Nesta campaña, cabe resaltar novidades como que os interesados poderán descargar diferentes apli-

cacións electrónicas para informarse sobre as axudas da PAC, consultar as súas solicitudes, facer alegacións e mesmo realizar fotografías xeorreferenciadas cando sexa necesario para completar algún dos procesos precisos para a concesión das achegas.

A maiores, continúa a implantación do sistema de control coñecido como monitorización que será obrigatorio na nova PAC e que consiste en utilizar as novas tecnoloxías e as imaxes de satélites para realizar un seguimento continuo de todas as superficies declaradas no 100% das solicitudes, co obxectivo de determinar se existe actividade agraria.

## A Uned inicia a matriculación

A Uned de Lugo abriu un novo prazo de matrícula. Este período está habilitado para a matriculación do segundo cuadrimestre do curso 2020-2021 ao que poderán acollerse os estudantes que cumpran as condicións específicas en estudos de Grao, Microgrado e algúns títulos de Posgrao Oficial, ata o 10 de marzo.

Igualmente, poderanse matricular os estudantes que queiran realizar a Proba Libre de Acceso para Maiores

de 25 e 45 anos, do 1 de febreiro ao 11 de marzo.

A Uned de Lugo ofrece a posibilidade de acompañar ao estudante no proceso de matrícula a través de apoio informático e orientación personalizada. Pódese concertar cita previa no teléfono: 982280202. Tamén está aberto dende o xoves o segundo prazo de matrícula para materias do segundo semestre da Uned Sénior da Coruña, ata o próximo 15 de marzo.

## A Mariña dobrega ao virus

A zona occidental da comarca mantivo unha alta incidencia de covid pero foi a primeira en comezar a rebaixar os casos, que en Viveiro aínda son altos

A comarca da Mariña, en consonancia co resto da provincia e tamén de Galicia, está en tempo de baixada da curva da incidencia da covid. Ben é certo que foi das primeiras da provincia en aumentar os contaxios de forma desproporcionada por un intenso gromo en Viveiro e Xove, pero tamén foi das primeiras en empezar a remitir cando se xeralizaron as últimas medidas da Xunta. Os concellos máis afectados nesta ocasión foron Viveiro e Xove, aos que se uniu posteriormente O Vicedo, Cervo e Burela. Hoxe, só Viveiro segue por riba do 70 casos (a 9 de xaneiro), pero en caída libre dende o pico, que chegou a máis de 270. Agora, é o único concello con datos elevados, con Burela, que ten 24, pero tamén en descenso da incidencia.

Pola contra, a presión hospitalaria segue sendo intensa na Mariña, onde hai unha decena de persoas ingresadas con covid en planta e 2 na UCI. A Mariña controla deste xeito unha incidencia provocada en todo o mundo polos efectos das celebracións de Nadal e baixo unhas estrictas normas impostas dende a Xunta.

**AS MEDIDAS.** Ata o 17 de febreiro permanecen activas varias medidas de control do virus en toda a comunidade autónoma.

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, anunciou o 25 de xaneiro un endurecemento das restricións en Galicia para atallar o empeoramento de datos da pandemia tralo Nadal.

As medidas entraron en vigor esa semana coa intención de continuálas ata Entroido.

As novas restricións impostas pasan por só poder reunirse con conviventes, pecháronse perimetralmente todos os municipios e o peche total



**HOSTALEIROS.** Uns 70 vehículos (camións, furgonetas e turismos de comerciais) de empresas distribuidoras de hostalaría e alimentación da Mariña participaron nunha manifestación celebrada en Burela para reclamar axudas das administracións. A caravana percorreu a rúa Arcadio Pardiñas, despois foi ata o porto e rematou na praza do Concello, onde colocaron un palet coas súas reivindicacións: liquidez urxente, ertes ao 100%, condonación de impostos, bonificación para os combustibles e axudas compensatorias.

da hostalaría, agás servizo a domicilio.

O comercio non esencial só pode abrir ata as 18.00 horas e os centros comerciais pechan as fins de semana. Supermercados, farmacias, gasolineiras son consideradas actividades esenciais e poden ter horario normal.

Tamén se fixo un parón nas universidades aproveitando o cambio de cuatrimestre, e a primeira semana, o ensino foi on line. As escolas infantís, colexios e institutos seguen funcionando con normalidade.

Tamén pecharon museos, bibliotecas e centros de espectáculos así como os ximnasios. A actividade deportiva continúa restrinxida só ás competicións nacionais e só se permite o deporte individual e sempre con máscara. Os adestramentos en grupo quedaron tamén prohibidos. Finalmente, o toque de queda mantívose ás 22.00 horas malia as peticións da Xunta.

**PLAN DE RESCATE.** Un total de 1.420 hostaleiros da provincia de Lugo acolléronse a algunha das tres liñas contempladas no primeiro plan de rescate da Xunta de Galicia, no que se investiron 4,3 millóns de euros no reparto de 2.803 axudas concedidas.

Tras Lugo e Monforte, o lugar con máis demanda de axudas foi Viveiro, cunha cantidade de 320.000 euros para responder ás 170 solicitudes.

O Goberno galego anunciou que está a traballar no deseño do segundo Plan de rescate para autónomos, microempresas e sector da hostalaría pechado, aos que a Xunta destinará un mínimo de 50 millóns de euros adicionais, que se suman aos 86,2 millóns da primeira convocatoria.

A gran diferenza co respecto ao primeiro plan desenvolvido pola Xunta é que terá unha xestión máis directa e con menos requisitos.

ESTABLECIMIENTOS  
**REY**  
www.establecimientosrey.com

Avenida Diputación, 88  
27870 Xove | Lugo  
Tel. 982 592 006  
rey@establecimientosrey.com

TU TIENDA DE SIEMPRE

ahora también es  
**online**

www.establecimientosrey.es



## Alcoa inicia o proceso de venda á Sepi e remata a folga indefinida

Alcoa comunicou ao comité de empresa da planta de San Cibrao, en Cervo, o inicio das negociacións coa sociedade estatal de participacións industriais (Sepi) para a venda da fábrica da Mariña.

A multinacional informou á representación do persoal que convocará unha reunión multilateral para explicar a evolución do proceso, de acordo co acordo alcanzado por ambas as partes o pasado 22 de xaneiro. O que aínda non se coñece é a data da reunión.

Negociar a venda á Sepi foi o compromiso ao que chegou Alcoa cos traballadores para paralizar a folga que mantiñan estes desde que se romperon as negociacións de venda a Liberty.

Durnate o mes de xaneiro mantívose unha intensa negociación entre comité e empresa para buscar o fin da folga que estaba a causar importantes problemas económicos á empresa, en especial unha vez que Alcoa anunciou o seu compromiso de venda.

Finalmente e tras varias reunións e consultas legais, o comité presentou á dirección de Alcoa unha proposta de acordo para desconvocar a folga indefinida.

O punto principal da negociación era a esixencia de que Alcoa iniciara un proceso de negociación para a venda da planta de aluminio de San Cibrao e da refinaría de alumina á Sociedade Estatal de Participacións Industriais enviando unha proposta formal antes do 27 de xaneiro. Malia esta esixencia, os traballadores expoñían que a decisión final da venda será de Alcoa.

Para evitar o que pasou coa venda frustrada a Liberty House esixían tamén o compromiso de "ser flexible



Unha imaxe da factoría de Alcoa en San Cibrao

e a negociar de boa fe", na procura "dunha continuidade da planta de aluminio e da refinaría de alumina de San Cibrao".

Tamén reclamaban que no proceso de venda se informara do estado das negociacións á representación dos traballadores, á Xunta de Galicia, ao Ministerio de Industria e á Avogacía do Estado, nunha mesa multilateral como máximo cada quince días.

Na proposta do comité incluíanse máis condicionantes como que pararan unicamente as cubas que implican un risco potencial para a seguridade das persoas ou a instalación e, que se procedera tamén ao rebrascaxe, reparación ou no seu caso substitución das cubas que se paran por calquera motivo.

Tamén querían o compromiso de continuar con normalidade a produción de aluminio e de alumina e de tomar accións que podan derivar que a pranta sexa "pouco competitiva e atractiva para a venda".

Tamén incluían que non se tomen medidas colectivas vinculadas ao emprego como os ERE e o com-

promiso por parte de Alcoa "para contar con recursos adicionais, segundo as necesidades, para a produción e o mantemento do complexo de San Cibrao, ata alcanzar os efectivos teóricos cos que contaban estas instalacións a data 1 de xaneiro de 2020".

A compañía tamén tiña que comprometerse á incorporación dos traballadores temporais, en función do acordo suscrito en febreiro de 2019, no prazo máximo dun mes e con recoñecemento retroactivo de salario e antigüidade.

A cambio, desde a firma do acordo, se a empresa aceptaba esas condicións, quedaba suspendida a folga indefinida convocada polo comité, que comezou o pasado 4 de outubro.

Este prego de condicións tivo que ser aprobado por votación de todos os traballadores.

Finalmente, a empresa aceptou as condicións impostas polo comité e comezou a negociación de forma rápida para anunciar xa aos poucos días ao comité que as negociacións de venda están moi avanzadas.

## A Plataforma Sanitaria denuncia as carencias en cardiología

A Plataforma Sanitaria da Mariña foi coñecedora nestes días "da situación caótica" na que se atopa o servizo de cardiología ao faltar, desde fai uns quince días, a segunda das cardiólogas que forma parte da plantilla do servizo, e ficar o mesmo cun só profesional. Deste xeito, aseguran que o único cardiólogo que atende nestes momentos unha poboación de setenta mil habitantes está a atender solamente urxencias.

En novembro este colectivo xa denunciara a falta dun dos tres profesionais que forman o cadro facultativo do servizo, por unha excedencia, quedando a comarca moi deficitaria nesta prestación, básica e cunha alta incidencia e prevalencia, tanto de patoloxía que require seguimento, coma de eventos urxentes que fan

perigar a vida das persoas.

"Desde a Plataforma Sanitaria da Mariña esiximos á xerencia que se repoña e restableza o servizo de cardiología, polo menos ao seu nivel previo a setembro de 2020, un nivel que xa era precario e que xa foi denunciado aos medios, máis nestes momentos a situación é crítica e precisa que se tomen medidas urxentes sen máis dilación", denuncia a coordinadora da plataforma.

Tamén queren lembrarlle ao Sergas e ao goberno da Xunta que "situacións coma esta veñen facéndose públicas desde hai anos, e mesmo queremos destacar a cantidade de falacias que obtivemos por respostas, chegando a declarar que en caso de ser necesario virían especialistas do Hula a traballar ao hospital da Mariña", conclúen.

## Fronte común de oposición ao Plan Forestal da Xunta

Unha fronte de organizacións sociais, ecoloxistas, agrarias e sindicais, entre as que se atopa o Sindicato Labrego Galego, veñen de iniciar unha campaña de rexeitamento á primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (PFG), que se comezará a debater no Parlamento Galego o vindeiro 23 de febreiro.

A primeira das accións para tentar frear o texto foi un encontro co Grupo Parlamentario do Partido Popular para presentarles un decálogo de razóns polas que esta revisión do PFG non debería ser aprobada.

De feito, lonxe de chegar a un acordo, concretáronse máis reunións, nesta ocasión co resto de grupos políticos, que tamén manifestaron a súa negativa ante o Plan.

A representación da fronte social expúlle ao Partido Popular as súas queixas sobre o proceso de participación inexistente que precedeu o debate parlamentario desta revisión do PFG. Neste senso, lembraron que a única exposición pública da revisión do PFG foi hai tres anos, en 2018, e dun texto distinto ao que chega agora ao Parlamento.

No encontro, fíxoselles entrega das alegacións que se fixeron ao Plan Forestal por parte de setenta organizacións sociais en 2018 e o texto do Manifesto por un Monte Galego con Futuro de 2019. A maiores, tamén se lles expuxo o contido do decálogo no que se enumeran as razóns polas que rexeitan na súa integridade a primeira revisión do Plan Forestal.

**DISFRUTA DE LAS MEJORES REBAJAS  
Y RENUEVA TU HOGAR CON**

**almayo**  
muebles

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12  
Tel.: 660 402 954

Almayo

NOVAS

foz

## Arrincan as obras do acceso á residencia de maiores

O Concello de Foz vén de iniciar as obras para a construción dunha nova rampla de acceso á residencia de maiores da localidade.

Os traballos, que se prolongarán durante varios meses, permitirán non só mellorar a accesibilidade para os usuarios do xeriátrico senón que tamén suporá un acceso en mellores condicións para os veciños que viven nas edificacións da zona. Ademais da construción da propia rampla, levantarase tamén un muro de formigón armado para estabilizar os accesos á residencia.

Mentras duren as obras, o acceso dende a rúa do Asilo permanecerá cortado, agás para os residentes. O Concello de Foz pide disculpas á veciñanza polas molestias que esta situación lles poida ocasionar.

**OUTRAS OBRAS.** O Concello de Foz rematou varios traballos pendentes aproveitando o estancamento das choivas. Así, executaron o sumidoiro na avenida de Viveiro para evitar a charqueira que se facía no paso de peóns e fixeron tamén bacheos pendentes en distintas vías do casco urbano de Foz.

Así mesmo, fíxose a excavación para a execución da rampla de acceso á residencia e á rúa Costa do Castro en Marzán, e tamén se fixo o arranxo saneamento en Vilaxoane. Segundo indicou o alcalde, acondicionouse unha beirarrúa pola marxe esquerda do vial de subida ao instituto co obxectivo de mellorar a seguridade na zona, que nestes instres non conta con ningunha zona para peóns. Tamén están iniciados os traballos para facer unha beirarrúa nun tramo da estrada no cruce coa vía que discorre deica San Martiño.

Finalmente fíxose tamén a poda de magnolios en Otero Pedrayo e Trapero Pardo.

Así, destaca a hidrolimpeza da rúa Escura e do calexón da Viela, colo-



Comezo das obras do acceso da nova residencia

cación de bionda en Bargado (Fazouro) no camiño á Edar, bacheo en Foz e San Martiño, execución dunha beirarrúa en Vilaxoane e subida ao instituto (que está en proceso de finalización).

Ademais limpouse a subida á capela de Ribela en Cangas, desbroces de camiños en Cangas e Nois, poda de árbores na área recreativa do Centro Social de Cangas, limpeza de novo acceso no Porto de Nois, montaxe da armadura de cimentación da nova rampla á residencia, reparación de canaleta na Barrosa (en Nois), e a execución de nova arqueta e imbor-

nal en Forxán.

**CAMIÑOS.** A Deputación de Lugo colaborará co Concello de Foz no acondicionamento e mellora de camiños nas parroquias de Fazouro e San Martiño.

Os traballos a desenvolver céntranse na escavación e perfilado das cunetas e na reposición de pasos canadenses, por un importe de 13.926,32 euros dos cales 13.230 euros son aportados pola entidade provincial, e os restantes polo Concello. As obras deberán executarse antes de finais de xuño.



**LETRAS DE FOZ.** O Concello focense procedeu ao arranxo da estrutura e á renovación dos paneis deteriorados que conforman as letras de Foz, situadas na Costa do Castro. A actuación completouse co pintado dos paneis xa existentes

## Investirán 46.000 euros no campo de Malates

A Deputación de Lugo financiará a reforma do campo de fútbol de Malates, en Foz. A área de Deportes investirá preto de 46.000 euros nas obras, que mellorarán as condicións de uso destas instalacións que empregan habitualmente máis de 300 deportistas.

As actuacións previstas consisten no arranxo do céspede artificial, na substitución das canalizacións do sistema de drenaxe que rodean o terreo de xogo e na reparación da cuberta, das varandas e das escaleiras de acceso á grada. Tamén se farán diferentes obras de carpintería, albanelería, fontanería e pintura para mellorar os vestiarios. Ademais, reconstruirase con bloque unha parte do muro perimetral do recinto, que fora derrubado por un temporal e arranxado provisional-

mente cunhas chapas metálicas.

Co arranxo do terreo de xogo veranse solucionadas moitas das demandas dos usuarios, posto que as roturas no céspede artificial provocaban moitas queixas, igual que os vestiarios, moi deteriorados polo paso do tempo e o uso xa que non se reformaron desde que se construíu o campo", explican.

As instalacións acollen habitualmente adestramentos e competicións de deportistas do CD Foz, do AD Santiago de Foz ou do Club Atletismo Ría de Foz, de diferentes categorías, e tamén dos equipos de veteranos de CD Foz e Rapadoira Llas. Ao longo do ano albergan ademais distintos eventos e celebracións deportivas, desde campus estivais ata actividades organizadas polo centros educativos.

## Urbanizan Julia Minguillón



Comezo das obras na rúa Julia Minguillón

O Concello iniciou as obras de urbanización e mellora de accesibilidade na rúa Julia Minguillón, que serve de conexión entre Corporacións Municipais e Cervantes -prolongación da Avenida de Asturias- e soamente contaba con beirarrúas na metade da súa lonxitude, presentando tamén un firme en moi mal estado de conservación.

A rúa Julia Minguillón disporá de beirarrúas en toda a lonxitude por ambas marxes e renovarase o firme que se encontra en mal estado, garantindo deste modo a accesibilidade a tódolos veciños da zona. Esta é unha das obras que o Concello executa dentro do plan de acondicionamento do núcleo urbano e mellora de accesibilidade.

MENÚ DIARIO  
MENÚS ESPECIALES  
PESCADOS

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

Pronto volveremos

# Cajoto presenta unha batería de medidas para paliar a crise económica

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, presenta un plan de impulso e recuperación económica á hostalería e comercio locais tras unha reunión mantida no Concello coa ACIA e con portavoces e empresarios do sector da restauración de Foz.

O rexedor municipal explica que “son momentos difíciles, moi duros. Non é de recibo decretar de forma unilateral o peche dun negocio e non aportar unha solución de viabilidade: iso é o que está acontecendo en Foz e en toda Galicia, iso é o que están a facer desde Santiago unha vez máis. De novo, como acontece sempre, estanos tocando reaccionar aos concellos, por encima incluso das nosas posibilidades”.

A edil de Facenda e tenente de Alcalde, Inés López Couto, asevera que “nas conversacións coa ACIA, a APEHL e profesionais do sector fomos moi honestos. Aos períodos obrigados de peche decretados polo Estado e a Xunta de Galicia respondemos de forma áxil, cun decreto para evitar o pago de ocupación por terrazas e a recollida de lixo. Sen embargo este decreto non se puido facer extensivo máis alá do peche obrigado dos establecementos: en canto se levanta o peche o establecemento xa pode exercer a actividade económica, independentemente das limitacións. Pero isto non era suficiente e por iso seguimos traballando”.

Fran Cajoto explica que “á falta de concreción da aportación municipal nas axudas directas que instancias superiores como a Deputación de Lugo están promovendo para o sector da hostalería e outros, ao que se incorporará o Concello de Foz, o equipo de goberno presenta un plan de impulso e axuda á hostalería e comercio local, cun custo real de máis

de 150.000 euros, o 2% do orzamento municipal”.

**DEROGACIÓN DE TAXAS.** A primeira medida será a derogación da taxa de ocupación de terrazas durante o período dun ano. Ampliarase a medida de exención durante os ceses obrigados de actividade promulgados polo Estado Central e a Xunta de Galicia, establecendo durante o período dun ano a eliminación do cobro de taxas ata a aprobación dunha nova ordenanza actualizada.

“Atopando como a solución legal máis inmediata e áxil, dada a delicada situación económica do tecido local, a derogación da taxa, xa que o concepto supresión temporal suporía un caso de desviación de poder da administración local segundo a asesoría xurídica municipal”, din. A tramitación da derogación iniciase de forma inmediata, respectando os prazos legais co compromiso do Concello de eliminar o cobro durante un ano.

O Plan Impulsa Foz 2.0, dotado con 22.000 euros, continúa e amplía as iniciativas comezadas no 2020. Faranse campañas de promoción da hostalería e comercio locais, incidindo no consumo de proximidade e na recuperación da actividade económica local.

Estes eventos concretaranse en diferentes campañas promocionais que poderán incluír agasallos, vales e tickets regalo para o consumo local e promocións audiovisuais de todo tipo para a difusión de Foz como centro comercial aberto.

O Concello tamén se encargará de incrementar o apoio económico do Concello á Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Foz. “Considerando á ACIA como o ente máis próximo a todos os hostaleiros,



Reunión do alcalde cos hostaleiros do municipio

comerciantes e tecido produtivo de Foz, duplicarase a subvención municipal a esta asociación para que os recursos cheguen de forma moito máis áxil a todos os interesados. A consignación do ano 2020 de 15.000 euros aportados polo Concello resultará de 30.000 euros no 2021”, din.

**SECTOR CULTURAL.** O Concello aposta polo sector cultural e os eventos seguros, creando novos contidos de acceso libre financiados integramente polo Concello de Foz, cun custo estimado de 80.000 euros a través de Cultura na Rúa 2.0.

“Necesario para axudar á reactivación e que Foz sexa a mellor opción na Mariña de Lugo, creárase un plan de eventos musicais seguros e repartidos en distintas ubicacións do pobo, de forma independente ás festas e á programación habitual do Concello. Organizaranse novos eventos respectando a situación sanitaria en cada momento en substitución daqueles realizados en outros anos e que pola pandemia non se poidan levar a cabo”, explican.

A última gran medida será a incorporación do Concello de Foz ao Plan de

Rescate da Hostalería da Deputación de Lugo e a Fegamp, coas axudas que se establezan para paliar os efectos da crise pandémica no sector.

**INFRAESTRUTURAS.** Ao mesmo tempo que as medidas antes descritas o Concello de Foz continúa co seu plan de investimento en infraestruturas do núcleo urbano e as parroquias.

“A falta de mantemento dos últimos anos desembocou nun deterioro da imaxe do pobo que estamos traballando para reverter. Deste xeito incrementaranse as partidas de investimento financiadas con fondos propios. Queremos un Foz coidado, atractivo para visitar e cómodo para vivir pois cremos firmemente que esa é a mellor das vantaxes competitivas que lle podemos dar aos negocios locais. A nosa finalidade é que estas medidas sexan efectivas e o máis sinxelas posible: estamos a ver que os trámites burocráticos fan pouco viables determinadas disposicións doutras administracións. E iremos reaxustando as actuacións en vista da súa efectividade”, engade o alcalde.

## BREVES

**XORNADAS GASTRONÓMICAS.** O alcalde anunciou a suspensión das xornadas gastronómicas impULSA Foz, que comezaron a semana pasada. No primeiro sorteo, dedicado ao chícaro, os afortunados son: Andrea Díaz, Yaiza Pereiro, Ana M<sup>a</sup> Rico, Francisco Dorado, José Luis Outeiriño, Jorge López, Agustín Martínez, Manuel Ángel Vázquez, Ana Alonso e M<sup>a</sup> José Vieites. Cada un deles recibirá un vale de compra de 50 euros para consumir no comercio local.

**ROUPEIRO.** As inclemencias do inverno combinado coa crise económica derivada da covid están a causar escaseza de produtos no roupeiro municipal de Foz, entidade solidaria que ofrece produtos de primeira necesidade para persoas en risco de exclusión social. Faltan mantas, sabas de franela e edredóns para camas de 1,35. Así mesmo teñen carencia de calcetíns das tallas 39 á 45.

**SAN VALENTÍN.** AciaFozCCA anima a facer as compras de San Valentín no comercio local e a disfrutar dos escaparates neste Entroido no que non se poderá celebrar o desfile. Os días 12, 13 e 14 de febreiro as pastelerías Amarena, Anduriña e Xoyma ofrecerán doces afrodisíacos.

**FONTE DE FORXÁN.** A auga da fonte de Forxán non é apta para o seu consumo segundo as últimas análises, que se fan cada 6 meses. Os resultados poden ser malos en momentos puntuais e volver recuperar a súa potabilidade despois.

**BARISTAS.** Debido á actual situación de pandemia o IES de Foz vese obrigado a adiar o que sería o XIV Campionato Internacional de Baristas. Co fin de facer algo simbólico, dende a organización decidiron facer unha serie de videoconferencias orientadas a Escolas de Hostalería os días 10, 11 e 12 de febreiro, entre as 09.00 e as 12.10 horas.



## O PP reclama un plan para o barrio de Caritel á Deputación

O PP de Foz reclama da Deputación un plan para a mellora do entorno da igrexa de San Martiño e do barrio de Caritel. Así o anuncia a concelleira popular Verónica Soto, que tamén adianta que o PP defenderá unha moción na Deputación.

Os populares destacan que o concello ten un importante patrimonio histórico, que debe ser coidado e posto en valor polas diferentes administracións. Neste termo atópanse varios xacementos castrexos e diferentes edificios singulares. De entre todos eles destacan dous bens declarados de interese cultural galego: o castro de Fazouro (dende 2017) e a igrexa de San Martiño (dende 1931).

A concelleira sinala que “a rúa que atravesa o barrio está en moi mal estado e pavimentada en formigón dende hai moitos anos e, o aparcadoiro da basílica, en asfalto mal conservado. Chama a atención que un entorno con tanta historia non estea pavimentado en materiais nobres, en concordancia coa basílica.”

## Acia Foz entrega unha achega á escola de música

AciaFozCCA colabora coa Escola de Música Municipal cunha achega destinada á compra de instrumentos e accesorios para o centro.

Felipe Sánchez, director da Escola de Música Municipal de Foz, sinalou que “distribuímos esta axuda entre varias especialidades, violín, percusión, música e movemento e música moderna, un pouco quixemos suplir algún material que se precisara. Entre ese material hai algún accesorio para os violíns, soporte para a barbi-la do violín, algunha ponte, un prato que nos faltaba para unha batería, tamén trouxemos unha guitarra acústica para os grupos de música moderna, un amplificador, unhas campás para música e movemento e algunhas baquetas para xilófonos, cousas pequenas pero que a nós nos fan servizo e nos axudan a levar a cabo mellor o traballo”.

# As verbas de Luisa Aguado

A artista multidisciplinar regresa á Mariña para asentarse trala súa estadía en varias cidades de España e en Nova Iorque, onde presentou recentemente o seu poemario, ‘Mi Capitana, Mis Heroínas’

Por Claudia López

Nacida na Coruña, Luisa Aguado descríbese dicindo que exerce de “actriz principalmente e de escritora en segundo termo”. A artista viviu, ademais de na súa cidade natal de onde se foi moi nova, en lugares coma Santiago, Bruselas Madrid, Lanzarote e Nova Iorque. Agora, afincouse na Mariña trala súa intensa etapa no outro lado do océano. “Volví a España porque quería coller forzas, quería volver a Galicia, a un pobo pequeno. Despois de ollar moito, pensei na zona da Mariña. Fixeime nuns apartamentos de Barreiros, a xente acolleume cos brazos abertos e quedeime. Logo mudeime a Foz por estar nun núcleo máis urbano, o seu mar pareceume impresionante, o olor e o aire limpo, é un paraíso”, explica a actriz.

Para aproveitar ao máximo este paréntese na súa carreira enriba dos escenarios, Luisa viu a oportunidade para volver sacar á luz un proxecto que aínda non puidera dar a coñecer en España, o seu dobre poemario *Mi Capitana Mis Heroínas*. O libro presentouse en 2018 en Nova Iorque e agora espera poder amosalo pola Mariña lucense.

**POEMARIO.** A obra pode catalogarse coma un libro feminista, pero Aguado cree que máis ben foi escrita “con man de muller, pensando no ser humano en sentido amplo”. No poemario, a voz principal tenta transmitir “unha busca constante e unha reflexión sobre que camiño a seguir e como acadar a Paz”. A escritora define esa ansiada paz coma “a ansiada esencia que nos pertence aos seres humanos, a verdadeira liberdade persoal”. Para ela, a súa obra “é poesía con forza, con loita, con enerxía... A personaxe principal non é un ser vencido, senón que se reafirma e cree no que di para ir ao encontro do que considera que lle pertence”.

Estruturado en poemas breves, o



Luisa Aguado co seu poemario

libro amosa ademais “un mundo ético e celta, cargado de simboloxía máxica, onde se reflexa o papel activo das mulleres como aquelas que coñecían os secretos milenarios dos camiños da terra”.

A obra está prologada por Francisco Brives, poeta, cineasta e director da Neomudejar en Madrid, e por Emmanuel Peralta, director de teatro e escritor en Nova Iorque.

Para dar a coñecer *Mi Capitana Mis Heroínas*, Luisa ten programado unha presentación na Coruña o vindeiro mes de marzo dun xeito orixinal, realizará unha “exposición-escaparate para mostrar a miña obra e firmar libros”. Ademais, a escritora tamén ten proxectos en Foz, Burela e Viveiro para facer dita presentación e incluso unha pequena interpretación dos textos. Nun futuro non moi lonxe, Aguado pretende converter o poemario nun espectáculo teatral e transformar os seus versos en personaxes. Hai algo que ten claro “o mar será o pano de fondo”.

**OUTRAS OBRAS LITERARIAS.** Ademais do seu primeiro poemario, Luisa ten publicada outra obra literaria. *Star the brave Girl / Estrella*

*La Valiente*, un libro bilingüe para nenos e nenas que se lanzou no ano 2019. Esta publicación “é unha homenaxe ao teatro de marionetas e monicreques”, unha modalidade na que Aguado está moi implicada debido ao seu traballo coma actriz nesta área teatral e posto que exerceu de docente en diversos talleres de marionetas. O libro mantén unha clara mensaxe dende a voz da nena protagonista, “poder crer nunha mesma”. A pequena busca a maneira para loitar pola súa man coa contaminación que ameaza ao planeta, facendo que a obra fale do amor pola natureza e a forza de vencer os medos. A aposta da actriz e escritora polo formato bilingüe busca que sexa “utilizada para interpretar tanto en escolas de fala inglesa coma de fala española”. Malia contar con dotes na escritura, a coruñesa non ten claro si volverá editar algún outro libro, “estas cousas solo as podes facer cando estás moi chea creativamente”.

**CARREIRA DE ACTRIZ.** Malia a súa andaina polos mundos das verbas, a carreira da artista desenrolouse principalmente encima dos escenarios e diante das cámaras. Co-

mezo nos anos 90 a formarse no mundo da interpretación en Galicia, e apareceron as primeiras representacións teatrais da artista en compañías da Coruña como Sapconcho, Falcatrúa e Birimbau. Para seguir medrando na súa carreira de actriz quixose abrir camiño de cara a capital española, onde seguiu estudando e traballando. Fixo aparicións en series televisivas tan coñecidas coma *Un paso adelante*, *7 vidas* e *Los Morancos*, mentres tamén se adicaba a facer monólogos en diversas salas e a participar en concursos como o *Cabaret de Humor de Gaviria*. Pouco despois chegaron os papeis protagonistas en cortometraxes coma *Olvídate de mi*, con María Giráldez á dirección, *Si Usted Supiera* de David Merinero e *Mas que palabras* de Santiago Gonzalez. Tamén sería a estrela principal en varias obras teatrais en Maribel y la extraña familia e *Yo me bajo en la próxima ¿y usted?*, baixo a dirección de Cristina Marsillach. En 2011 foi co-protagonista da obra *Nunc Et In Hora*, un papel que a levou a ser candidata para o nomeamento a mellor actriz revelación na XXV edición dos Premios Goya, nos IX Premios Mestre Mateo e nos XX Premios da Unión de Actores e Actrices.

Mentres, seguiu aparecendo na pequena pantalla noutras series de renome no panorama español como *Sin tetas no hay paraíso* ou *El secreto de Puente Viejo*.

No 2017 decidiu emprender un longo viaxe para cambiar de fogar e seguir mellorando no mundo do arte dramático. Aterrizou en Nova Iorque, onde estivo traballando coma protagonista na obra de teatro *El casamiento del Diablo*, de Emmanuel Peralta. Para ela a súa obra máis dura de interpretar, posto que se trataba dun drama moi forte, pero que espera “que algún día poida representarse en España”. A situación da cultura na pandemia esta a ser bastante complicada, pero Luisa ten claro que o seu camiño é o de actriz.

O Concello de A Pontenova quere agradecer aos seus veciños e veciñas o comportamento exemplar que veñen demostrando durante estes meses de dura pandemia.

É moi importante que non nos relaxemos e continuemos mantendo este comportamento.

Só co compromiso e a colaboración de todos, cumprindo estrictamente as normas e protocolos sanitarios, seremos capaces de superar esta difícil situación.



Síguenos en:

@turismoapontenova  
@apontenova\_turismo

pontenova

www.turismoapontenova.es



## A Deputación implicarase na promoción turística de Viveiro

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou coa alcaldesa de Viveiro, María Loureiro García, un convenio de colaboración polo cal a institución provincial destina 25.000 euros ao Concello para promocionar o turismo.

Vanse colocar 4 carteis de sinalización na autovía A-6 e A-8 que sirvan para visibilizar e poñer en valor o destino e os atractivos turísticos de Viveiro, e tamén para incrementar a percepción de identidade e de destino turístico de calidade. Ademais, refórzase a súa imaxe como lugar de referencia da Semana Santa, de capital do Resurrection Fest, e os numerosos reclamos históricos e paisaxísticos que atesoura.

O convenio inclúe ademais a renovación do mobiliario urbano que se atopa obsoleto ou deteriorado como papeleiras ou bancos, pero tamén aqueles que facilitan o transporte alternativo libre de impacto ambiental, como son os aparcabicicletas.

**OUTROS CONVENIOS.** O Concello asinou tamén outros tres convenios



O presidente da Deputación e a alcaldesa, na firma do convenio

coa Deputación Provincial por un importe total de 126.722 euros.

O primeiro destes convenios céntrase no acondicionamento das redes secundarias de faixa de xestión da biomasa, que permiten previr o inicio dun lume e a súa propagación. O convenio permitirá proceder á roza mecanizada en marxes de camiños de titularidade municipal, nunha lonxitude de 9,5 quilómetros.

O acordo implica un importe de 10.400 euros, dos que máis de 4.900 euros son financiados pola Deputación

de Lugo, mentres que o Concello de Viveiro encárgase de achegar dos 5.500 euros restantes.

Outros dos convenios asinados teñen por obxecto a celebración do Belén a tamaño natural 2019-2020 e 2020-2021, respectivamente. Cada un destes convenios ten un importe total de 45.000 euros, dos que a achega da Deputación ascende a 35.000 euros e a do Concello é de 10.000 euros. O Belén Viveiro ante o Berce, que é considerado como un dos máis importantes de Galicia.

## O Concello aposta por un desfile dixital de Entroido

A Concellaría de Cultura do Concello de Viveiro organiza este ano un desfile dixital de disfraces co obxectivo de manter viva a tradición do entroido no municipio.

Por este motivo, e baixo o lema *Entroido na casa, verán na praza? (Fagámolo posible)*, o goberno municipal convida á veciñanza a participar subindo un vídeo co seu disfracce a [www.viveiroentroido.com](http://www.viveiroentroido.com)

O concurso dividirase en dúas categorías xerais, infantil e adulto, con tres subcategorías por cada unha: individual, parella e grupo. Haberá tres premios para gastar no comercio local de Viveiro (primeiro, segundo e terceiro) por cada subcategoría, e ademais premiaranse o disfracce máis divertido e mailo máis orixinal. Nestes dous últimos casos, decidirá o certame o voto da veciñanza, mentres que nos anteriores será un xurado quen elixa os gañadores.

A votación do disfracce máis divertido e mailo máis orixinal farase igualmente a través da aplicación web [viveiroentroido.com](http://viveiroentroido.com). O Concello concreta que, no tocante aos



premios aos mellores grupos, será eliminada do concurso calquera agrupación participante que incumpra as medidas decretadas para conter o coronavirus.

Deste xeito, de gravar unha peza no mesmo espazo, as persoas deberán ser necesariamente conviventes. Outra posibilidade é que os grupos interesados en participar con varios membros de unidades familiares diferentes, graven cada núcleo desde a súa vivenda unha parte do vídeo para unilas todas e entregar unha peza audiovisual común.

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
[alfoz@hijosderamonrubalsl.es](mailto:alfoz@hijosderamonrubalsl.es)

# HR

Hijos de  
Ramón Rubal

# 982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

# COMPRAMOS MADERA

## PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA  
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

# “Daremos axudas a empresarios con perdas superiores ao 75%”

María Loureiro, alcaldesa de Viveiro, fala do impacto da covid na localidade

Viveiro é unha das localidades da provincia onde o virus golpeou en toda a súa extensión durante as diferentes vagas. A alcaldesa da vila, María Loureiro, explica cal é a vía para volver á normalidade.

## Para Viveiro foi especialmente dura a pandemia?

Sufrimos todos os peches, o xenérico do 15 de marzo, o de xullo para toda a comarca, aínda que a Viveiro non nos afectou moito; houbo outro peche en novembro, que remitiu rápido e moi ben, e despois o gromo da ponte da Constitución, que se detectou no ámbito familiar, e de novo en decembro. É certo que estamos sufrindo as consecuencias, evidentemente sempre acatamos as restricións da Xunta e do Goberno central, pero tamén é certo que para a economía é un pau importante.

## Onde repercutiu máis?

En Viveiro non se celebrou ningunha festa importante, como a Semana Santa ou o Resurrección Fest, que é unha fonte de ingresos para o Concello. E logo tivemos os peches puntuais e a redución de aforo. Hai que ter en conta que en Viveiro máis do 50% do emprego pertence ao sector servizos. Creo que aínda non se sabe a repercusión que pode ter. Cando pase todo isto, tememos que haberá moitos negocios e comercios que non poderán volver abrir. É unha situación delicada en todo o territorio español e en toda Galicia, e a nós tamén nos está afectando.

## Por qué pensan que tiveron tanta incidencia na zona?

Con respecto á Mariña, nun principio íamos con retraso coa inciden-

cia, en marzo non tivemos apenas nada e iso dá lugar a un relaxo. En xullo, apareceron casos noutros municipios pero Viveiro seguiu sen positivos, pero con esta situación é inevitable. O gromo forte de decembro creceu rapidamente porque eran moitas persoas relacionadas co mesmo positivo. O bo deste caso, se iso se pode dicir, foi que todos saíron do mesmo, que non houbo gromos illados. Conseguiuse que as residencias non tivesen gran incidencia, en ningunha das dúas que temos aquí. Houbo casos illados, contaxiados no hospital pero non deron para adiante. Hai que engadir as reunións familiares no Nadal, o 90% dos veciños e veciñas de Viveiro cumpriron coas medidas pero si que un tanto por cento pequeno non cumpriu e fixo moito dano.

## Por onde debe ir a forma de saír de toda esta crise?

Penso que tanto a nivel xeral e incluso mundial, ten que haber un plan de recuperación para todo o sector servizos porque a crise vai ser importante. En Galicia debe haber unhas axudas importantes. Creo que agora, gran parte do problema e dos gastos ocasionados por esta pandemia son para os concellos. Estamos asfixiados, é verdade que non se celebraron festas e que aforramos o diñeiro, pero aumentou a partida de emerxencia social, tivemos que axudar a moitas familias que quedaron no paro, sobre todo ao principio, os artes retrasáronse varios meses para cobrar. Todo isto aumentou o gasto. Nós acatábamos as normas da Xunta de Galicia como as desinfeccións continuas nos baños públicos, nas praias, nos par-

ques e todo isto ocasionounos uns gastos que non estaban previstos. A Xunta de Galicia deu algo para desinfección, 9000 euros para os concellos, pero non chegaba. Logo se tiveron que poñer mamparas, xel hidroalcohólico, máscaras e todo iso seguiu aumentando o gasto. Temos tamén uns ingresos que deixamos de percibir, como o da piscina municipal, que aínda que non dá beneficios co que ingresamos serve para o mantemento. No conservatorio de música deixamos de cobrar as cuotas. Aínda así sacamos un plan de liñas de axudas para os autónomos que se viron obrigados a pechar. As primeiras foron en maio. Nun primeiro momento non sabíamos a embergadura desta crise nin o número de empresas que se viron afectadas, sacamos unha partida de 400.000 euros pero só se destinaron 200.000 euros, que se achegaron a aquelas persoas que se viron obrigadas a pechar por real decreto. Agora imos sacar novas axudas, e as faremos extensibles a aqueles negocios, que aínda que non pecharon na pandemia, si tiveron perdas de máis do 75%. Din que os concellos teñen que axudar, pero estamos asfixiados. Temos que seguir mantendo os servizos, aumentan as partidas de gastos cos que non contabamos e creo pero para iso están as administracións superiores, a Xunta de Galicia e o Goberno central.

## Que proxectos municipais puideron sacarse adiante malia a covid?

Viveiro é un Concello que ten unha débeda importante e todos os anos temos que amortizala. Coas axudas que nos chegaban do Plan Único da Deputación facíamos obras.



A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro

Este ano, practicamente dedicamos parte destas axudas aos gastos por covid. Obras que tiñamos pensado facer, pequenas obras de arranxo, saneamento, pavimentación tiveron que quedar aparcadas. Aínda así, fixemos cousas, pequenas obras en zonas rurais, en parroquias para facilitar o día a día aos cidadans. Pero houbo outras que non se puideron facer porque as partidas presupuestarias tiveron que destinarse para as liñas de axudas da covid. É dicir, priorizamos no seu momento. Este ano, aínda que seguimos igual e nos sabemos a trascendencia que pode ter, temos proxectos e pequenas obras que imos facer. Pola covid está todo un pouco paralizado. A pandemia condicionounos a todas as administracións.

## E cal é o urxente agora?

O Concello segue traballando no día a día, pensando no futuro. Estamos traballando na tramitación do Plan Xeral, tratando de axilizalo para ver si se pode aprobar. Coa situación económica que estamos vivindo, cremos que o plan é im-

portante e contamos facer a aprobación inicial este ano 2021, para que Viveiro siga crescendo. É un dos proxectos máis importantes para o futuro do noso Concello.

Seguimos traballando tamén na homologación do Camiño do Mar. Viveiro é un dos concellos que máis puxamos por el. Estamos en contacto con Patrimonio xa que en esta situación de crise, para a comarca da mariña e Viveiro, tendo un sector servizos importante, cremos que esta homologación de Camiño Norte, co ano Xacobeo que se vai prologar ao 2022, sería moi bo.

Seguimos traballando con Xestur para ver como encauzar esta segunda fase para o parque empresarial, como traer máis industria ao Concello, porque tamén é verdade, que o parque empresarial de Viveiro chegou en unha profunda crise e agora está ao ralenti.

Tamen temos un porto importante que é o porto de Celeiro. E unha das empresas importantes para o Concello e con todo esto queremos traballar nese senso.

Porque queremos recuperar o noso, xuntos venceremos á COVID-19

**NON BAIRES A GARDA. SIGAMOS COIDÁNDONOS.**

**Viveiro**

Concello de Viveiro



## O PP pide arranxos en Verxeles e na rúa das Granxas

O PP califica de pésimo o estado do pavimento do aparcadoiro da avenida de Ferrol, na zona de Verxeles. "As chapuzas ordenadas polo equipo que preside a socialista María Loureiro para tapar malamente os buratos son de tebeo, superan a desbordante imaxinación dos chapuzas por excelencia saídos do lapis de Francisco Ibáñez". O grupo municipal do PP esixe ao goberno de Viveiro que, "dunha vez por todas, faga as xestións necesarias para que sexa posible pavimentar este espazo". Piden tamén ao goberno local que inicie con carácter inmediato os trámites necesarios para subsanar os problemas de asolagamentos que presenta a rúa Granxas cada vez que chove. Esta circunstancia está a causar numerosas queixas entre os veciños da vila que, "ao final son os que pagan as consecuencias da xestión dantesca dos gobernantes que temos", afirman dende o Grupo.

## O Concello recibiu 26 solicitudes de acceso ao casco histórico

A ordenanza que ten como obxectivo regular o tráfico dentro do casco antigo de Viveiro entrou en vigor o pasado 25 de xaneiro, tendo en conta que se considera peonil na súa totalidade e que actualmente está protexido polo Plan Especial de Protección Interior (PEPRI), ao tempo que se regulan os accesos necesarios para residentes, usuarios de garaxes, titulares de establecementos comerciais, repartidores, obras e demais supostos recollidos na mesma. Esta normativa faise coa pretensión de mellorar e dotar de maior seguridade a todas aquelas persoas que transitan polo interior do casco antigo, en cuxo interior residen moitos veciños e veciñas e están ubicados numerosos establecementos comerciais. O concello quere que se rehabiliten máis vivendas e iso implica



Imaxe do centro de Viveiro

regular o acceso para a execución das obras; estes e os demais supostos que poden motivar a necesidade de acceder con vehículos ao casco antigo quedan regulados nesta ordenanza, establecendo para cada caso os requisitos esixidos e as condicións para o acceso. Para poder acceder con vehículos é

preciso solicitar o correspondente Dispositivo de Acceso Restringido, segundo os distintos supostos recollidos na ordenanza. Os interesados deben solicitarlos o antes posible e levar consigo a copia da solicitude cando circulen polo interior do casco antigo en tanto non dispoñan do propio distintivo.

### EN BREVE

**DÍA DE ROSALÍA.** O Concello de Viveiro pon en marcha a iniciativa *Voces para Rosalía* con motivo do día da escritora, Rosalía de Castro, que se celebra o vindeiro 24 de febreiro. A proposta pretende sacar á rúa os poemas da escritora. Unha vez recibidas as propostas das persoas interesadas, o Concello enviará un poema a cada participante, quen deberá gravarse lendo o texto. Todo o material recibido publicarase para conmemorar a data adicada á escritora. As persoas que desexen participar, poden inscribirse no teléfono 676 877799 ou na páxina de facebook da Programación Cultural de Viveiro antes do 20 de febreiro.

**PREMIO.** O periodista viveirense Suso Martínez López é o gañador do LXXX Premio Pérez Lugín, que concede Asociación da Prensa da Coruña e que este ano levaba por lema *Xornalismo e vida universitaria: a canalleca máis aló da Casa da Troia*. O galardón, que está dotado con tres mil euros, está organizado coa colaboración do Concello da Coruña. Suso Martínez presentou o texto titulado *Aqueles homes bigotudos do século XIX*, baixo o pseudónimo de Chevalier de Pas, no que realiza un percorrido pola Coruña de finais do XIX, a Belle Époque, Casás e a carrilana a Santiago como principais.

**POESÍA.** O xurado xa publicou o resultado do Certame de Poesía Infantil Nadal 2020 na súa fase local. Na categoría A, que inclúe cativos ata os 8 anos, foron premiados Zaira Pérez Rodríguez, Beatriz García Fernández e Xoel Díaz Portas. Na categoría B, entre os 9 e os 11 anos, o fallo do xurado premiou a Noa Suárez Riveira, a Ignacio Leiras Lago-Orcazberro e a Zaira Otero Sierra. Por último, a categoría C, na que participan rapaces ata 16 anos, resultou premiado Luca Valentín Andrei.

## Protocolo para actuar en caso de violencia nos colexios

O Concello de Viveiro elaborará un protocolo común de actuación para os casos nos que se detecte unha posible situación de violencia de xénero no ámbito educativo. A iniciativa tratouse na última reunión da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero. Para elaboración do protocolo, o concello tomará como referencia a Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo, elaborada pola Xunta de Galicia e á que teñen acceso todos os centros educativos, e o Protocolo municipal

de coordinación, cooperación, prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, do Concello. Para iniciar a elaboración do protocolo común, na reunión propúxose que os centros educativos participantes estuden os documentos e fagan unha análise das necesidades que se poden plantexar en cada centro, propostas para facer efectiva e real a aplicación da Guía, dispoñibilidade de tempo e posibles apoios para levar a cabo o proxecto, que farán chegar ao Centro de Información ás Mulleres para que lle dea forma.

## Preguntan no Congreso polo traslado da EOI e Aspanane

O BNG de Viveiro leva o traslado da Escola Oficial de Idiomas e Aspanane ao Congreso a través do deputado do BNG, Néstor Rego, formulando unhas preguntas coas que quere desbloquear a situación. Un convenio do ano pasado permitía o traslado da Escola de Idiomas ao Colexio Vello de Celeiro e que as instalacións actuais desta pasasen a estar ocupadas por Aspanane. "A día de hoxe descoñécese o estado actual destes trámites, pero a execución da cesión ten máis urxencia que nunca na actual situación de pandemia, que están a padecer de forma especialmente intensa os colectivos

máis vulnerábeis, como son as persoas con discapacidade intelectual", din. Polo tanto, consideran urxente pór en marcha a residencia, para o que é necesario acelerar a cesión. As preguntas de Néstor Rego refírense ao inicio das xestións necesarias para a cesión á Consellería de Educación da Xunta de Galiza dos terreos e instalacións do Colexio Vello de Celeiro no Concello de Viveiro. En que fase se atopan e en que data se calcula que poida facerse efectiva. Tamén queren saber se o Goberno do Estado en disposición de facer efectiva esta cesión.

**Dende o 1946 comprometidos coa educación na Mariña** NIVEIS EDUCATIVOS  
Infantil / Primaria / Secundaria

**Colexio PLURILINGÜE** con auxiliar de conversa.  
**Único centro BEDA** da Mariña (Bilingual Excellence Model).  
 Centro de referencia da **MARIÑA** para realización dos exames oficiais de **CAMBRIDGE**, preparación no centro para o noso alumnado.  
**Viaxe de inmersión lingüística a LONDRES** e Intercambios ERASMUS +.

**Servizos Complementarios:**  
**Programa Madrugadores** a partir das 8:00 h. (Servizo gratuito).  
**Servizos de comedor e transporte.**  
**Horario favorable** á conciliación familiar e escolar  
**Infraestrutura telemática** para o ensino non presencial (Licenza oficial Google Suite Education)

**Colexio Digicraft** no marco do Plan Digitalent.  
**Ampla oferta de actividades extraescolares.**

**O valor da experiencia**  
**VEN A COÑECERNOS!**

[www.colexiodopilarfoz.es](http://www.colexiodopilarfoz.es)  
 info@colexiodopilarfoz.es  
 Telf: 982 140 196

## O Plan Único destinarase a once postos de traballo e investimentos

O Concello de Burela aprobou en Pleno ordinario o Plan Único da Deputación que ascende a 385.000 euros, dos que 138.000 estarán destinados a investimentos. As actuacións máis importantes son o arranxo do Camiño Real e de varias beirarrúas, así como a remodelación do parque da praia da Marosa. O Plan Único contempla a creación de 11 postos de traballo, entre os que destacan dous de socorristas durante tres meses. Na sesión plenaria foron desestimadas sete das trece alegacións presentadas ao inventario municipal. Por unanimidade foi aprobada unha moción do equipo de goberno para demandar achegas á Xunta destinadas ao Servizo de Axuda no Fogar.

O alcalde burelés, Alfredo Llano, explicou que “na mellora da rúa Camiño Real, imos non soamente asfaltar e pintar senón que tamén imos aproveitar para modificar unha serie

de canalizacións que xa están obsoletas e facer a separación de augas pluviais e residuais, polo tanto vai ser unha obra completa. Tamén imos facer a reconstrución de diferentes beirarrúas, sobre todo en Nosa Señora do Carme pero ademais noutras que están previstas. E por outra banda imos colocar un parque infantil novo na praia da Marosa porque consideramos que iso vai atraer xente, sobre todo á veciñanza de Burela, para desfrutar cos rapaces desas instalacións”.

O rexedor engadiu que “se sigue mantendo o programa de axuda no fogar, que contará de 40.000 euros a través do Plan Único. No programa de fomento do emprego, este ano, hai unha variación porque imos empregar a once persoas cando o ano pasado empregamos a dez. Vai haber dous socorristas que van estar non dous meses, como estiveron o ano pasado, senón tres meses por-

que consideramos que é fundamental que abarquen ese espazo de tempo, que antes se viña facendo cando a Xunta colaboraba ao cen por cen cos Concellos, pero agora reduciron ese período a dous meses. Tamén vai un auxiliar administrativo, un técnico de turismo, dous conserxes, un peón de obras, un oficial de obras, un dinamizador de redes sociais e dous monitores de tempo libre”.

O programa de actividades culturais este ano recolle a sexta Feira do Libro, o Certame Internacional de Pintura Amarte e un certame que queremos facer este ano como novidade de vídeoclips musicais. No programa de actividades deportivas están, entre outras, a carreira popular Burela Bonita, o torneo de fútbol sala Héroes de Orzán ou o sexto torneo da Marosa Cup.

O programa de actividades turísticas vai concentrado nas rutas xeolóxicas. A administración electrónica tamén



Concello de Burela

recibe 11.300 euros deste Plan Único, Protección Civil leva 1.500 e hai unha achega directa para problemas derivados do covid que este ano terá preto dos 69.000 euros.

Houbo trece alegacións das que se desestimaron sete porque carecían de documentación que xustificaran o que se solicitaba. Estas sete desestimadas van ter un mes, unha vez que sexan publicadas, para presentar a documentación”.

E engadiu: “tamén levamos unha moción, a iniciativa do Partido So-

cialista, para solicitar á Xunta de Galicia máis achegas para o Servizo de Axuda no Fogar. Hai que ter en conta que, derivado do covid, todos os concellos tivemos que incrementar moitísimo a capacidade para poder facer fronte á problemática que ven derivada de aí. Durante a pandemia o incremento de usuarios do SAF foi increíble. Solicitamos á Xunta un incremento das achegas para que se adapten aos salarios actuais e que faga fronte aos copagos que viña facendo a xente”.

## Licitan varias obras nos campos de fútbol da Marosa

O Concello de Burela sacou a licitación as obras de reconstrución e reparación da grada do campo de fútbol da Marosa, que suporá un investimento de 260.000 euros e a segunda fase do peche do campo de herba artificial, á que se destinan 56.000 euros.

A obra de reconstrución e reparación da grada do campo de fútbol da Marosa, que ten un prezo de licitación de 260.563'24 euros. A grada presenta un estado de deterioro moi importante debido ás condicións meteorolóxicas da Marosa. Esperan poder empezar a obra de cara a marzo ou abril, “posto que as condicións meteorolóxicas supoñen que serán mellores para facer ese tipo de traballos”, di o concelleiro de Deportes.

Outra das obras que sae publicada, na plataforma de contratacións do Estado, é a reposición do peche do campo de herba artificial na súa segunda fase, xa que a primeira xa estaba adxudicada. Esta segunda fase ten un presuposto de 56.312,19 euros. “Imos cambiar o peche perimetral correspondente a esta segunda fase, os banquetes que están bastante deteriorados e ademais se vai ampliar a zona de acceso a vestuarios e baños, xa que tiñamos unha serie de dificultades alí para que a xente puidera pasar aos aseos, sobre todo as persoas con problemas de minusvalías”.

Ramiro Fernández subliñou que “a obra de reposición da grada está financiada integramente polo Concello, e a reposición do peche, a



Campo da Marosa

primeira fase tamén a financiou o Concello, e esta segunda farase cunha axuda que nos dá a Deputación á que queremos agradecer a súa colaboración”.

O edil burelés engadiu: “estas son obras que xa tiñamos pensado facer. Fíxose unha pequena guerra política co tema destas obras pero, como eu digo, o movemento demostrase andando e aquí están os cartos e as obras que se van facer na Marosa, ao mellor non coa rapi-

dez que nos gustaría pero os trámites administrativos ralentizaron un pouquiño todo este proceso. Pero insisto en que os cartos están encima da mesa e as obras vanse facer durante este ano”.

O alcalde, pola súa banda, sinalou que “tamén imos actuar no perímetro do campo de herba artificial, que estaba constituído por un valado metálico, que tamén está oxidado co que hai que renovalo completamente”.

## O PP acusa lentitude

Dende o PP de Burela denunciaron “lentitude” na execución das obras das instalacións deportivas e a falta de coherencia do alcalde na aposta pola mellora destas.

“Non era sen tempo que Llano se comprometera coas instalacións deportivas da Marosa, máxime tendo en conta que xa en agosto de 2019 anunciaba que ían tirar a grada principal e, dende aquela, xa choveu”.

E seguen, “o que non é comprensible é que dende xullo deste pasado ano, despois de moita insistencia por parte da SD Burela e do Grupo Municipal Popular, no que se adxudicou o orzamento para poñer o peche perimetral do campo de herba artificial desas instalacións municipais ás que, lembremos, acoden centos de nenos a adestrar, aínda se licitaran neste mes de xaneiro, con case que seis meses de retraso, esa obra”.

COLEXIO MARTÍNEZ OTERO

CENTRO CONCERTADO  
ENSINO GRATUITO

---

Excelente Formación humana,  
académica e deportiva desde 1939

---

INFANTIL  
PRIMARIA  
ESO

---

ABERTO PRAZO DE MATRÍCULA  
DO 1 AO 20 DE MARZO

Distinción ao mérito deportivo de Galicia 2015

ACTIVIDADES  
COMPLEMENTARIAS

- Escola de Idiomas co Plan PIPE: INGLÉS, alemán e francés
- Viaxe de Inmersión Lingüística no Reino Unido
- Deportes para todas as idades

SERVIZOS

- Servizo de transporte
- Servizo de comedor
- Servizo de 'madrugadores'
- Servizo de piscina
- Centro Xuvenil para actividades lúdico-festivas

R/Para Mañón, 12 (POZ)  
www.martinezotero.es  
982140028

@colexiomartinezotero



Centro de saúde de Burela

## Protestas pola supresión dun médico no centro de saúde

O alcalde, Alfredo Llano, considera unha mala noticia a supresión dun médico de atención primaria no centro de saúde en horario de tarde. Agora tan só se presta ese servizo dous días á semana. O rexedor esixe ao Sergas o seu restablecemento o antes posible. Llano aludiu tamén á baixada de número de contaxios por covid19 en Burela.

O alcalde declarou que “nos preocupa a perda dun médico de atención primaria de Burela que viña exercendo polas tardes. Desde as dúas da tarde ata as nove da noite había unha persoa atendendo, durante toda a semana, á xente que escollía ese horario. Agora non existe xa, de momento non se está exercendo ese

servizo. Pénsase facer unhas peonadas durante dous días, os martes e os xoves, de tres horas, o cal limita moitísimo a oportunidade da xente de consulta. Iso non pode ser”.

Alfredo Llano manifesta que “hai que ter en conta que agora mesmo, en plena pandemia e con esta ola que estamos padecendo, e xa desde sempre a atención primaria debe ter o suficiente persoal como para atender con todas as garantías á xente. Ademais había que ir pensando en recuperar a atención presencial dos pacientes e ir procurando que se vaia normalizando, pero hai que facelo coas condicións que se esixen, que é ter persoal suficiente para que faga as quendas suficientes tamén”.

## Llano culpa á Xunta do retraso na construción da nova Edar

O alcalde, Alfredo Llano, lembrou que a nova Edar está comprometida pola Xunta de Galicia desde o ano 2014 e que sete anos máis tarde aínda está en fase de redacción o proxecto executivo. O rexedor cualificou de puro sainete a resposta dada por Augas de Galicia ao parlamentario José Manuel Balseiro instando a Costas a axilizar os trámites para a depuradora de Burela. Llano pensa que están tentando xustificar que a nova Edar non estea rematada en 2023 e pide que os traballos se acometan o mellor e o antes posible.

Alfredo Llano dixo que “o que observei é que din que se algo ía mal era por culpa dunha administración terciaria, como por exemplo Costas do Estado ou a Deputación, cando realmente o compromiso único e claro é da Xunta. Entendo que deben traballar para realizar esta obra, que é moi necesaria, porque un concello como Burela ou calquera da Mariña e de Galicia deben ter xa esta dotación porque o medio ambiente esixe este tipo de instalacións e facelas o antes posible, de acordo sempre coa normativa que agora se está aplicando da Unión



Alfredo Llano, alcalde de Burela

Europea. Polo tanto, estráñame que fagan este tipo de actuacións, que ás veces daba o aspecto de que era un puro sainete, para xustificar que ao mellor non se pode realizar no prazo que queda, que con todas as prórrogas tería que estar rematada no 2023. Hai unhas axudas moi importantes da Unión Europea, esta obra esta taxada en 9 millóns de euros dos que o 60% son aportados pola Unión Europea e o 40% pola Xunta de Galicia. Vexo que se falaba de que Costas complicaba tremendamente a realización da obra e aquí o único que se fixo por parte da Xunta de Galicia foi solicitar, hai tempo xa, unha avaliación ambiental”.

## Entregados os premios do certame de postais organizado durante este Nadal

O alcalde, Alfredo Llano, e o concelleiro de Cultura, José Díaz, presidiron a entrega de premios aos gañadores de gañadoras do Certame de Postais de Nadal 2020, que convocou a Biblioteca Pública Municipal.

Os gañadores desta edición do certame repartíronse en catro categorías. Entre os máis pequenos gañou Pedro Cociña Lestao, de 5 anos. O segundo foi para José M.ª García Fra, tamén de 5 anos, e o terceiro para Adriana García Kozlik, de só 3 anos.

No grupo do primeiro ciclo de primaria gañou Diego Calvo Fernández, seguido de Sergio Cordido Souto e Carlota Eimil Ramos, todos de 7 anos de idade.

Na categoría de 3º e 4º de Primeira a vitoria foi para Natalia Basanta Díaz, de nove anos. Por detrás quedaron Sara Álvarez Fernández, de 8, e Iago Rodríguez Álvarez, tamén de 9 anos.

No último grupo venceu Ainara Álvarez Carral, de 10 anos. Tamén levaron premio Amaia Flores Mori e Noa Burgos Pernas, ambas as dúas de 11 anos de idade.

Chegou a hora...

... a hora do vermut



# ARNAO

## VERMUT

O NOSO VERMUT

Produto de

CASTILLO SAN DAMIAN

Discosta Norte S.L.

Dompiñor, 12. 27715 Ribadeo

982 128 900

[www.discosta.com](http://www.discosta.com)



## EN BREVE

**ALFOMBRISTAS.** A casa da cultura abriu o día o 22 de xaneiro unha mostra fotográfica de todos os proxectos realizados polos integrantes da Federación de Alfombristas de Galicia, na que está integrada Burela Floral, encargada da realización das alfombras florais. Poderá visitarse ata o 19 de febreiro pola tarde.

**ESCAPARATES.** Os comerciantes escolleron como gañador do Concurso de Escaparates Nadal 2020 a Ktivos Burela, pola orixinalidade na decoración, que recibirá un trofeo, un boneco CCA Burela e 100 euros en vales de compra para a hostelería. Ademais, o xurado tamén deu mencións especiais a Leira Eco-tenda, Cerezo BIKES e Calzados Tomás.

**ACCESO AO HOSPITAL.** Para o BNG, o concello de Burela ten que coordinar as solucións para os atoumentos no Hospital, onde tamén onde se levan a cabo as probas PCR de toda a Mariña. O voceiro do BNG afirma que “estas probas fanse no interior dos vehículos, feito que está a xerar longas colas que colapsan os accesos ó centro e as rúas máis achegadas. Os intentos por regular o tráfico nos momentos de maior atoumento non deron moito froito”.

**CRIBADO.** Os nacionalistas cren que vista a situación de Burela dende o comezo da pandemia o Concello de Burela debería solicitar a realización dun cribado masivo na vila. Para o portavoz nacionalista “en Burela levamos catro peches pero ningún cribado. Insistimos moito nisto, pero é que temos un porto no que entra e sae mercancía e persoal de todo o mundo, temos o hospital da Costa onde chega xente de toda a Mariña”.

**VIDEOCLIPS.** Burela organiza o I Certame Galego de Vídeos Musicais no que poderán participar as escolas de música, conservatorios e centros de ensino musical. No certame, que se denomina Music@rte, concederanse catro premios, cuxa contía se está a perfilar neste momento ao igual que as bases. O prazo de presentación rematará a mediados de xuño e cada centro poderá enviar un máximo de cinco.



Un dos parques de Burela

## Un bando prohibe a estancia en parques e prazas e suspenden as escolas deportivas

O Concello de Burela publicou un anuncio mediante o que queda prohibida temporalmente a estancia e permanencia de calquera persoa nos parques infantís, parques e prazas de titularidade ou uso municipal. Estará permitida a circulación peonil en tránsito, sempre e cando non se produzan paradas inxustificadas nin agrupacións de persoas non convivintes neses espazos. No anuncio, que está colgado na web municipal, tamén se informa que o mercado semanal seguirá a celebrarse en Torrentes, seguindo a normativa sanitaria en vigor en cada momento. O obxectivo da adopción destas medidas é facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo covid19.

O rexedor sinalou que “o decreto di claramente que nos lugares públicos, como poden ser unha praza ou un parque, está permitido que se circule, pero non se pode parar e manter conversas entre varias familias. Hai que evitar da maneira máis radical os contaxios. Iso vai entrar en vigor hoxe. Tanto nos parques como nas prazas e nas rúas hai que procurar circular fluidamente. A normativa xa di claramente que só poden ir convivintes, polo tanto creo que queda claro que a nosa intención é acabar cos contaxios”. Llano lembrou que “temos pechado noutras ocasións os parques, pero esperemos que non faga falta facer iso. Colocaremos uns carteis

lembrando a normativa para que non haxa a mínima oportunidade de contaxiarse”.

Desde a Concellería de Deportes e de Turismo, Ramiro Fernández Rey, indicou que “está pechado o barco museo Reina del Carmen e tamén as instalacións deportivas municipais, que so poderán ser empregadas polos equipos que teñen permitido competir, seguindo todos os protocolos sanitarios en vigor”.

**ESCOLAS DEPORTIVAS.** A Concellería de Deportes suspendeu tamén as escolas deportivas debido ás novas restricións establecidas pola Xunta. Estas foron abertas a mediados de decembro tras outro peche durante a segunda vaga.

O edil de Deportes, Ramiro Fernández Rey, dixo que “temos que insistirles aos pais que estean tranquilos con respecto ao pago que fixeron por estas escolas porque miraremos ou ben de devolver os cartos, intentar ampliar o prazo das escolas deportivas ou incluso buscar unha actividade alternativa”. Ramiro Fernández Rey lembrou que “cando se iniciaron as escolas xa contemplábase esta posibilidade, xa os pais estaban informados de que podía pasar e efectivamente está pasando, pero que teñan a tranquilidade de que non van ter ningún tipo de perda en ningún aspecto, e que en canto podamos reanudalas o faremos”.

## Sae a licitación o SAF



O Concello de Burela ven de sacar a licitación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) na modalidade de dependencia, por un montante total do contrato de 1.401.055,55 euros cun presuposto base de licitación de 662.317,15 euros. O prazo é dun ano máis posible prórroga doutro. As empresas poden presentar as súas ofertas ata as 23:59 horas do 11 de marzo. O goberno local estima que o número de horas podería incrementarse ata nun 20% nestes dous anos. A concelleira de Servizos Sociais, Carmela López, sinala que “35.000 horas son as que se prestarán e deberán ofrecer servizos de podoloxía, fisioterapia e perruquería a domicilio. Na actualidade o SAF na modalidade de dependencia conta con 70 usuarios e usuarias en Burela, número

que podería medrar”. Engloba 35.000 horas anuais, aproximadamente 2900 horas ao mes, que asumen 24 auxiliares de axuda a domicilio para atender a 70 veciños e veciñas de Burela. “Sacámolo a un prezo tipo de 18,92 euros a hora IVE incluído, ao que máis do oitenta por cen vai destinado a custes de persoal, o que significa unha actualización notable e digna en canto ao prezo hora do último contrato licitado (12,27 hora laboral, 13,26 euros hora festiva) e que non contaba coa actualización do salario mínimo interprofesional, o cal mellorou as condicións das profesionais que desenrolan este tipo de traballo”. Contempla todo tipo de atencións de carácter persoal, de necesidades domésticas e acompañamento.

## Unha campaña promove o uso correcto do punto limpo local

A Concellería de Medio Ambiente de Burela está a realizar campañas de concienciación para promover un uso correcto do punto limpo. Fainas a través das redes sociais municipais e tamén a pé de rúa.

A concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo, sinalou que “desde a Delegación de Medio Ambiente queremos facer fincapé na necesidade de facer un bo uso do punto limpo. Está aberto de luns a venres de 16:30 a 20:30 horas e os sábados de 9 a 13 horas”. E insistiu en que “é preciso chamar ao punto limpo para poder depositar a pé de rúa os voluminosos,

non vale con baixalos cando nos parece. Esta recollida faise agora a diario e é gratuíta, pero hai que chamar e respectar o día que nos indican por teléfono para baixalos”. O teléfono ao que debe dirixirse a cidadanía é o 626 76 31 42.

Eijo dixo que “en Burela estamos tendo bastantes problemas con este tema, hai xente que deixa os enseres xunto aos contedores, pero sen avisar previamente ao punto limpo. Tamén estamos atopando en zonas verdes, paseos, montes, etc... enseres tirados, creando pequenos vertedoiros e isto non pode ser”.

**Ortegale Oil**

¡Participa en el concurso de disfraces de Ortegale Oil!

Ven a repostar con tu disfraz favorito a las estaciones de servicio Ortegale Oil

**¡Y ENTRARÁS EN EL SORTEO DE 60€ DE COMBUSTIBLE!**

HASTA EL 16 DE FEBRERO

www.ortegaleoil.es | Ortegaleoil | 881 53 18 56

\*No se aplica por cada gasolinera de la red de estaciones de servicio de Ortegale Oil. Concurso activo hasta el 16/02/2021. Los ganadores se darán a conocer el 17/02/2021. El valor de 60€ de combustible podrá ganarse durante el año 2021 solo en las estaciones de servicio de Ortegale Oil, no válido por cambios de divisas en efectivo.

# O Pleno aproba un orzamento de dez millóns de euros

Aprobado no Concello de Ribadeo o orzamento municipal para 2021 que se aproxima aos 10 millóns de euros, un orzamento que a oposición asegura que non cubre os efectos que tivo a pandemia na sociedade.

O presuposto incrementábase nun 8'25% con respecto ao do pasado ano e inclúe unha axuda directa de 25.000 euros destinada ao Hospital Asilo

O rexedor explicou que “prevemos manter o nivel elevado de actuacións e servizos nas diferentes áreas nas que vimos traballando. Tamén se eximen as taxas pola ocupación de terrazas, como unha medida de apoio á hostalería, e mantemos as axudas para o tecido asociativo, tanto comercial como educativo, deportivo ou social”.

Suárez Barcia indicou que “incrementamos tamén notablemente o capítulo de inversión, que supera o millón e medio de euros, e que é financiado na gran maioría ben con fondos propios ou ben con fondos da Deputación de Lugo. Aquí desde logo, outro ano máis, botamos moito de menos os fondos da Xunta, e

como isto é precisamente un presuposto confiemos que ao longo do ano se lle vaia vendo o envés das maos da Xunta. En todo caso, recolleamos partidas para actuacións que consideramos moi importantes como é este vieiro paralelo á estación de Feve, diversas actuacións en espazos públicos e en rúas, tamén un plan de camiños de titularidade municipal nas diferentes parroquias, así como reposición de tramos da rede de abasto de auga, instalacións deportivas e sociais nas parroquias, mellora en eficiencia enerxética de alumeados e mellora na praza de abastos. Todo este forte incremento de inversións tamén se enmarca no proceso de reactivación económica que toca diferentes áreas”.

**CRÍTICAS DO PP.** O voceiro do grupo popular, Daniel Vega, lamenta que “os orzamentos para 2021 aprobados polo BNG non pensan en combater a crise derivada da pandemia da covid-19”. É máis, “nestes momentos reducen a inversión en Ribadeo” e “dan as costas á reactivación

económica de Ribadeo porque non concretan ningunha partida para dotar ao Concello dun plan de reactivación económica como propuxemos ata en tres ocasións dende o Grupo Municipal Popular e ao que o BNG sempre dixo non”.

As contas para o 2021 en Ribadeo ascenden a 9,8 millóns de euros dos que 1,5 se destinan a inversión; pero, destes, o Concello aportará “única e exclusivamente 60.000 euros porque o resto son achegadas doutras administracións”, aclara. Por outra banda, denuncia que “falta por concretar unha partida para o asilo”.

Vega critica tamén que “o goberno local segue na mesma liña que o ano pasado: pedir créditos e deixar sen investir. No 2020 pediu un crédito de 550.000 euros e deixou sen investir 335.000 euros. E para o 2021, pide outro crédito de 610.000 euros que non sabemos onde se vai investir porque a súa resposta foi o silencio”. Así, de cara ao 2022 “o Concello terá unha carga financeira de 1,6 millóns de euros”. Esta débeda acredita que “o goberno local do BNG non é un bo xestor”.

# O PP culpa do estado do parque dos Indianos ao abandono municipal

A vicevoceira do grupo municipal popular, Elena Sierra, critica “a falta dunha xestión eficiente por parte do goberno local do BNG” que supón que “malgaste o diñeiro de tódolos ribadenses”. É que, Segundo Sierra, “a necesidade de renovar na actualidade o parque dos Indianos débese á falta de mantemento”.

A vicevoceira popular lembra que “este parque foi renovado cun investimento de 220.000 euros na etapa do bipartito cando o señor Suárez era tenente de alcalde” e agora vólvese actuar nel debido “á falta de actuacións de conservación coas que manter en boas condicións este e outros espazos municipais”. Insiste a vicevoceira do Grupo Municipal Popular en que “non hai unha planificación seria de cara á limpeza e con-



Estado actual do parque dos Indianos

servación dos espazos públicos. Así mesmo, quedou de manifesto no último pleno que, “nestes momentos nos que é tan necesario, tampouco existe un protocolo de desinfección fronte á covid-19 especialmente nos puntos máis concurridos”.

Sierra asegura que “o PP está de acordo coa mellora dos espazos públicos”. De feito, teñen reivindicado nos últimos meses distintas obras de mellora en zonas públicas, parques infantís, instalacións deportivas e no alumeadado público, etc.

# Un buzoneo informará da nova numeración dos edificios

Ante as protestas de comerciantes polos problemas no reparto de Correos, Concello e o servizo responsable estableceron un novo contacto para avanzar na resolución dos problemas que existen na vila e que derivan nas dificultades deste servizo causadas pola mala identificación de enderezos postais, tanto nas parroquias como na vila. Hai tempo que se comezou traballando neste punto como foi feito de dar nome a viarios municipais que carecían del, ou que o que tiñan non correspondía cun ámbito ben definido. Onte tivo lugar unha xuntanza entre ambas as dúas partes, para avaliar as melloras feitas, ao tempo que tamén para ver as problemáticas que aínda seguen a existir en canto ao reparto da

correspondencia polo Servizo de Correos. A fin de mellorar e dar o mellor servizo posible no reparto da mesma acordouse iniciar un buzoneo masivo por todas e cada unha das vivendas do Concello dun escrito conxunto entre o Servizo de Correos e máis o Concello de Ribadeo, no que se indicará a numeración que a cada vivenda lle corresponde (co nome da rúa, a numeración da vivenda, etc.).

Ademais, acordouse prorrogar a todo este primeiro semestre de 2021 o período transitorio de coexistencia das posibles novas e vellas numeracións. Finalmente, farase un seguimento mensual por parte das dúas entidades para ir avaliando o cumprimento destes obxectivos.

# Presentan unha ordenanza para o uso das praias

O Concello de Ribadeo presenta o proxecto da nova ordenanza reguladora do uso das praias. O edil de Medio Ambiente, Jorge Díaz, agarda que esta lista para a súa aplicación o vindeiro verán. A ordenanza recolle todo o que é o ámbito das praias: socorrismo, limpeza, uso dos areas, uso de embarcacións de pesca, actividades deportivas, animais e residuos, entre outros.

O edil engadiu que “tamén é algo que nos requirían a Q de Calidade e a Bandeira Azul durante estes anos. É unha esixencia máis para ter estes requisitos que tanto nos aportan”.

A nova ordenanza está colgada na web do Concello, “porque isto leva un procedemento administrativo, ten que ir a pleno despois e logo haberá outro tempo para presentar alegacións antes da súa aprobación definitiva. Entón hai que poñela a andar o antes posible para que cando sexa a tempada de praias estea xa operativa”.

A cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de 10 días a contar desde mañá, 19 de xaneiro.



**CURSO 2020/2021**  
Contáctanos hoy para reservar tu plaza para el nuevo curso

...where English is fun!

982 103 377  
605 738 247

SCAN ME  
www.docklandsacademy.es



**Lorena Maradona psicólogos**

- PSICOLOGÍA
- SEXOLOGÍA
- NEUROPSICOLOGÍA
- PSICONUTRICIÓN
- REFUERZO PSICOEDUCATIVO



“Nuestro único objetivo es estar al lado de los que sufren”

CONSULTAS PRESENCIALES, ONLINE Y A DOMICILIO

Rúa Reinante, 27 Ribadeo - Contacto: 604 086 408  
www.maradonapsicologos.es

## Expoñen á revisión dos veciños a nova ordenanza de medio ambiente

Atópase colgado na web do Concello o proxecto da nova ordenanza de protección medio ambiental para que a xente poida velo e aportar as súas suxestións. Van dispor dun prazo de dez días. Coa nova normativa, que substituirá á de 2006, o que se pretende é mellorar a calidade de vida e alcanzar un alto nivel de protección do medio ambiente.

O concelleiro Jorge Díaz lembrou que “a última ordenanza de medio ambiente é do 2006 e houbo que actualizala practicamente toda, xa que levaba quince anos sen mudar. Entón estamos obrigados, tanto por normativas como pola mesma sociedade que cambiou, e por iso redactamos unha ordenanza nova”.

O edil de Medio Ambiente subliñou que “o obxecto desta ordenanza é mellorar a calidade da vida no concello de Ribadeo e alcanzar a mellor calidade ambiental regulando no ámbito de competencias do Con-

cello, tanto as actividades como nos comportamentos que se dean”.

O responsable de Medio Ambiente no Concello de Ribadeo sinalou que “se abre un período de dez días para os veciños ou veciñas e asociacións ou grupos que queiran aportar algo o fagan. Despois irá a pleno e haberá outro período de alegacións, como fixemos antes coa de praias”.

Jorge Díaz dixo que “é unha ordenanza bastante completa e extensa porque afecta a moitos ámbitos da sociedade do entorno do concello de Ribadeo. Esta nova normativa está a disposición de todos e todas os que queiran botarlle unha visualización”.

Nas 39 páxinas do proxecto aparecen recollidos aspectos como a limpeza viaria, o mantemento de solares, a tenza de animais na vía pública, a colocación de carteis e pancartas, as pintadas, a distribución de panfletos ou a limpeza e conservación do mobiliario urbano e zonas verdes.

## Acisa arrinca unha campaña de apoio ao comercio local

A Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo pon en marcha durante o próximas tres semanas unha campaña de apoio ao comercio e a hostalería locais. O lema principal é que O sorriso dunha persoa detrás dunha máscara é máis expresiva que a que poidan debuxar nunha caixa de cartón.

Segundo trasladou o xerente de Acisa, Jesús Pérez, “ocorréusenos que nas próximas semanas tiñamos a obriga de facer algo que non interfirise coas actuais normas”.

Pérez Prada asegura que “o actual confinamento, non é un confinamento ríxido como o de marzo pasado, a vida non parou retardouse e temos os comercios abertos. Por iso, hai xa uns días, faciamos un chama-



mento á cidadanía para comprar en Ribadeo. se che apetece un café pídeo para levar nos moitos locais que o preparan, se tes fame e non queres cociñar, pide a comida, a cea ou unhas tapas para levar, e como non, achégase San Valentín, que mellor que facerlle un agasallo á túa parella ou preparar unha velada sen ter que cociñar a túa? os teus veciños, os teus amigos, todos os que dependen da economía local agradecerancho”.

## “Queremos estudar a riqueza da biodiversidade da zona”

Juan Manuel García, biólogo mariñao, fala do descubrimento de corais negros

Por Claudia López

A Mariña lucense conta con increíbles paisaxes recoñecidos por todo o mundo, pero detrás dos espectaculares recunchos galegos existen moitos conxuntos de vida por descubrir. A investigación da biodiversidade da costa de Ribadeo suma agora un novo achado co estudo de varias colonias de corais negros que se atopan moi preto da praia das Catedrais. Formando parte de esta pescuda atópase o biólogo mariñao Juan Manuel García Cambeiro, que explica a particularidade de dita especie e a importancia da súa investigación.

### Como se iniciou o proceso de investigación dos corais?

Os corais xa se habían descuberto hai máis de cinco de anos, en 2015, nunha inversión de Carlos Gil coa empresa de mergullo Maresma, pero seguían ocultos ao público en xeral e ao mundo científico porque non se estudaran. Eu estaba facendo as prácticas do título que te habilita como mergullador profesional nesa empresa e ao igual que Carlos formo parte das ONG Tantak e Hydroheart que traballan para a conservación dos fondos mariños. Coñecín a existencia dos corais e pensei que se debían analizar máis a fondo. Propúxenlle a Carlos Gil e máis a Iria Fernández, investigadora en xenética da UVigo, colaborar para sacar adiante a investigación.

### Que singularidades tivo o achado?

Identificouse a especie *Antipathella subpinnata*, que se atopa maioritariamente no Mediterráneo unha profundidade de entre 100 e 200 metros. Os que atopamos preto das Catedrais localízanse a tan só 38 metros.

### Que supón que teñan esa profundidade?

É unha profundidade bastante afortunada porque se atopa entre os



Arriba, os mergulladores e, abaixo, os corais negros atopados

limites do buzo recreativo, calquera mergullador ou mergulladora de certo nivel pode ir a velos. Para nós como investigadores fainos moito mais sinxelo o seu estudo. Se fora máis profundo teríamos que utilizar somerxibles e drones para coller mostas. Así, tirándonos á auga cun tanque, sempre con certa planificación porque segue sendo unha inmersión complicada, podemos facelo.

### Como está a ser o proceso de investigación?

Recollemos mostras de tódalas colonias que había nesa poboación, que eran unhas 13, e mandáronse á Universidade de Vigo para que as estuden. En decembro solicitamos a bolsa internacional da Fundación Revive & Restore para poder estudar a biodiversidade da zona. De obtela trataríase de secuenciar o xenoma destes corais e facer un estudo xenético moi completo. Se se poden estudar finalmente tódolos xenes poderíamos comprobar a riqueza da biodiversidade da zona e ver se se

trata dunha especie nova diferente da estudada no Mediterráneo. Aínda que non nos concedan a bolsa nos trataremos de facer un estudo máis sinxelo da poboación, pero polas características físicas é moi difícil determinar se son especies diferentes. Gustaríanos aproveitar todo ese coñecemento como fundamento para protexer esta poboación de corais porque é moi delicada e facilmente poden verse danados. Se nos conceden a bolsa aportaríamos máis datos que nos permitiran ter o suficientemente peso para protexelos.

### Ata agora foron danados os corais?

Ademais do que poden sufrir polo cambio climático ao aumentar a temperatura da auga, as persoas podemos danalos moito mediante a pesca. Intentaremos que se prohiba atracar ou pescar nesa zona en concreto, que é un punto bastante pequeno, para preservar os corais. Xa atopamos áncoras que se engancharon en rocas e quedaron abandonadas afectando ás colonias.

## O alcalde reconece un erro nunha contratación temporal

O alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez, manifestou ao respecto das queixas dun aspirante a un proceso de contratación laboral temporal que tivo lugar hai uns días, que o tribunal, antes de pechar o proceso selectivo, se decatou dun erro no cómputo da puntuación desa persoa, concretamente nos cursiños acreditados na fase de concurso. Iso fixo variar a lista e este aspirante, que xa estaba chamado para asinar o contrato, pasou do segundo ao cuarto posto e ao haber dúas prazas temporais quedou excluído. O rexedor explicou que “segundo os técnicos me indican, este tribunal, antes de pechar o proceso selectivo, se decatou dun erro no cómputo da puntuación dun aspirante, concretamente nos seus

cursiños acreditados na fase de concurso. Isto foi debido a que se computou erroneamente un curso de albanelería, cando esa puntuación correspondería se fose de xardinería, co que se deduciron 0’75 puntos, e entón o aspirante que era o segundo da lista, e que xa estaba chamado para asinar contrato, pasou a ocupar o cuarto posto. De aí que, ao haber dúas prazas temporais, quedou excluído”. Suárez Barcia dixo: “todo isto se manifesta con detalle nunha acta de 14 de xaneiro, que formula precisamente o tribunal de selección, para este proceso de contratación de persoal laboral. Esta acta está exposta ao público e dispoñible na sede electrónica da web municipal”.



O novo punto limpo está na avenida Rafael Fernández Cardoso

## Novo punto limpo en Ribadeo

A Concellaría de Medio Ambiente instalou outro punto limpo de proximidade para a recollida selectiva de residuos na avenida Rafael Fernández Cardoso de Ribadeo, o terceiro, que se coloca nos tres últimos meses. Nos outros se recolleron arredor de trescentos quilos de pequenos electrodomésticos, ademais doutros residuos como lámpadas fluorescentes, cartuchos e aerosois. Nestes armarios recóllense resi-

duos de todo tipo, entre eles aceite vexetal, fluorescentes, cartuchos, tóner, pinturas, pequenos electrodomésticos, cápsulas de café, pilas, cd’s, dvd’s, radiografías e aerosois. Xa estaban instalados outros dous. Un na entrada de Rosalía de Castro e outro no parque de San Francisco. Este que se coloca agora é outro armario selectivo en colaboración con Ascan, que é a empresa que fai a recollida selectiva en Ribadeo, e mais co Concello.

## Comezan as obras na praza de abastos



Vista actual da praza de Abastos de Ribadeo

A rehabilitación e reforma interior da praza de abastos de Ribadeo da comezo cun investimento da Xunta de Galicia de 40.000 euros. Trátase dunha achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) que ten como obxectivo a mellora dos mercados de proximidade e as súas infraestruturas. A intervención permitirá mellorar a comodidade, accesibilidade e seguridade dos praxeiros e usuarios da praza de abastos; así coma a eficiencia enerxética. As actuacións previstas inclúen a mellora do pavimento, a adecuación da iluminación interior, a mellora dos aseos,

desaugadoiros, rede de saneamento e da sinalización no interior da praza de abastos.

O voceiro do grupo municipal popular de Ribadeo, Daniel Vega, incide no apoio da Xunta que “permite mellorar instalacións municipais de Ribadeo e, concretamente, dálle un impulso á praza de abastos”. Ademais, engade que “seguiremos colaborando directamente cos praxeiros”, apoiando os nosos produtos de proximidade e tamén “mellorando pasíño a pasíño a nosa praza de abastos, un espazo emblemático para Ribadeo”.

## Acordo plenario para o Life Global e para renovar luminarias

O Concello de Ribadeo aprobou en Pleno a proposta para solicitar o proxecto Life Global, a emprender na costa das parroquias de A Devesa, Rinlo e Vilaframil. Trátase da adquisición de 27 parcelas, que ocupan unha superficie de 14 hectáreas, para restaurar os hábitats costeiros de flora autóctona. E tamén se aprobou a solicitude de axudas ao IDAE para realizar melloras no alumeadado público. O investimento total ascendería a 2 millóns de euros e a axuda demandada será do 80%. O rexedor contou que “o novo proxecto Life Global segue a estela do proxecto Life Fluvial, que aínda está vixente e co que fomos ex-

propiando nestes últimos tempos terreos na marxe galega da ría de Ribadeo para poñer a disposición de Conservación da Natureza para facer actuacións medioambientais. De aí que estivéramos substituíndo eucaliptos por frondosas desde As Aceas ata o inicio da traza do tren mineiro de Ribadeo a Vilaoudriz”.

O Pleno acordou tamén solicitar ao Idae unha axuda de fondos europeos para accións de renovación de todas as instalacións de iluminación pública no Concello, actuación cifrada cun orzamento duns 2 millóns de euros, dos que se solicitaría o 80 por cento, que son 1.600.000 euros de axuda de fondos europeos.

## EN BREVE

**PROGRAMACIÓN CULTURAL.** A Delegación de Cultura do Concello de Ribadeo pospuxo a súa programación cultural de xaneiro e febreiro por mor da situación de pandemia, á espera de volver a partir do mes de marzo.

**SAN VALENTÍN.** Acisa Ribadeo decidiu cancelar o tradicional sorteo de San Valentín, debido á crise sanitaria. No seu lugar seguirán coa actual campaña de apoio ao comercio e a hostalería locais. Acordaron tamén cancelar a gala anual de Acisa e non promover nin colaborar co Entroido. Esperan poder manter as actividades do calendario comercial, o día do pai e o día da nai, pero á espera das disposicións de Sanidade. Para a Semana Santa “todo dependerá de se a mobilidade permítese ou non”.

**APAGA.** A Asociación de Profesores de Automoción de Galicia (Apaga) organiza o día 20 de febreiro unha actividade destinada a persoas que están pendentes de presentarse a unha oposición sobre o tema de programación e unidades didáctica. Finalmente, os días 27 e 28 impartirán un curso sobre aerografía e as aplicacións que ten no mundo do automóbil, das motocicletas ou dos monopatinos. A inscrición está aberta e o número de prazas é limitado.

**MESA ELECTORAL.** Modificouse o lugar de votación para veciños e veciñas residentes en varios inmobles das rúas Villafranca del Bierzo, Reinante, San Francisco e Praza España. Os residentes afectados pasan a ter o seu lugar de votación na sección 1ª (Oficina de Turismo nova, sita na rúa Dionisio Gamallo Fierros. As rúas afectadas por este cambio son: Villafranca del Bierzo, dos números 1 ao 15; Reinante, do 1 ao 39; San Francisco, do 2 ao 26; e Praza España, do 9 ao 16.

**PLÁSTICOS AGRÍCOLAS.** O Concello iniciará o 8 de marzo a recollida porta a porta dos plásticos agrícolas por parte da empresa Soluciones Integrales para el Medio Ambiente S.L. Esta campaña de recollida prolongarase durante os días que sexan necesarios para atender todos os avisos recibidos antes do 5 de marzo.



**UNED LUGO**

Información:  
www.uned.es  
info@lugo.uned.es  
982 28 02 02

Tolda de Castela 4B  
27169 Lugo

608 57 73 91

22 TITULACIÓNS DE GRAD

PROBA LIBRE DE ACCESO  
Á UNIVERSIDADE PARA  
MAIORES DE 25 E 45 ANOS

**UNED SENIOR**

Aberto prazo de  
**MATRÍCULA**

**ATA O 10 DE MARZO**

SEN NOTAS DE CORTE - PREZOS PÚBLICOS

ONLINE / PRESENCIAL







A vía de San Pantaleón a Oourol

## A Deputación amañará a vía San Pantaleón-Oourol

A voceira socialista do Goberno e Deputada de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, Pilar García Porto, informou de que a Xunta de Goberno aprobou o último paso administrativo –o Plan de Seguridade e Saúde– para poder iniciar os traballos de rehabilitación do firme da LU-P-3807, de Bravos a San Pantaleón, no concello de Oourol, nas que inviste 180.000 euros.

A LU-P-3807 é a vía máis rá-

pida que teñen os veciños da parroquia de San Pantaleón para chegar a Oourol e Viveiro. A Deputación inviste preto de 95.500 euros nos traballos de mellora, que se realizarán nun treito de máis de 7 quilómetros, entre os puntos quilométricos 0,630 e 7,950, e consistirán no acondicionamento da vía e na reposición de liñas e marcas viarias reflexivas brancas. O prazo de execución das actuacións é de 9 meses.

## Mellorarán a calefacción e o illamento dos edificios públicos

No Concello de Oourol está a piques de rematar o proceso de licitación do proxecto de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de climatización de varios edificios de titularidade municipal como a casa consistorial, o centro social e o edificio multiusos.

O obxectivo desta obra é a instalación dun sistema de climatización con bomba de calor en cada un dos edificios. Na actualidade a calefacción obxecto do presente proxecto resólvese mediante a utilización de equipos calefactores individuais, por efecto Joule, no edificio multiusos e no centro social, e por acumuladores eléctricos no edificio casa consistorial. Este proxecto ten un orzamento de 148.736 euros, subvencionado nun 80% polo Idae (87.600 euros) e cun prazo de execución de tres meses.

Trátase dunha reforma que levará a cabo conxuntamente coa rehabilitación enerxética da envolvente térmica dos edificios afectados (a excepción do edificio multiusos que non precisa da devandita rehabilitación). Este segundo proxecto, intimamente relacionado co outro, consiste na



Unha vista aérea de Oourol, donde se ven os edificios que se mellorarán

substitución de ventás e portas exteriores de ambos os dous centros e das carpinterías existentes por outras similares de aluminio lacado en branco con rotura de ponte térmico. O orzamento de licitación foi de 68.436 tamén cunha subvención do Idae. Así mesmo, terá un prazo de execución de tres meses.

**OUTRAS OBRAS.** Ademais, o alcalde anunciou que tamén se farán obras de reforma nesta mesma liña no edificio da Cámara Agraria, obras que se licitarán antes do 29 de marzo e que consistirán tamén no cambio de

ventás, portas e tellado para mellorar a súa eficiencia enerxética e que tamén contará cunha subvención do Idae.

Por outra banda, tamén comezaron a licitarse obras correspondentes ao Plan Único do 2020 que consisten na pavimentación de accesos en Atiá-Vilabuín, Cernadas-o Cal, Nogueiroá, Leonte, accesos a Vilachá, Sanguñido-As Penas, e a Domecelle, Tiñade, Lombao e O Sixto. Estas teñen un prazo de execución de tres meses e un investimento de 215.985 euros. O obxectivo será comezar as obras en canto o tempo o permita.

## O PSOE demanda unha rebaixa do IBI debido á covid

O Grupo Socialista rexistrou unha moción coa que reclamaba modificar o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) para reduci-lo dende o 0,65% actual a un 0,45%, “permitindo así aliviar a carga financeira dos nosos veciños no complicado contexto socioeconómico actual no que nos atopamos”. O PP votou en contra. José García remarca que “nestes intres hai unha boa situación económica no concello, debido a política recaudatoria de Clemente Iglesias que aplicou un aumento de impostos coa subida de case dun 100% na taxa de recollida de lixo, e tamén coa recadación das case mil novas altas derivadas de revisión catastral de bens inmóveis” (unha modificación que supuxo unha subida de sesenta euros por cada alta rexistrada).

Así as cousas “dadas as previsións do equipo de goberno do PP que estima que no ano 2021 van recadar por este concepto uns 248.000 euros (cando na época do gober-

no PSOE/BNG a recadación dos mesmos era de 93.000 euros), aos que ademais habería que sumar arredor doutros 600.000 euros que estarían pendentes de cobro pola aplicación deste tributo con carácter retroactivo durante os catro anos que fixa a lei”.

Por todo isto reclamamos ao PP de Riotorto “que apoie as familias e rebaixe este imposto co fin de que podan seguir facendo fronte ás consecuencias da pandemia e ao mesmo tempo contribuír á reactivación económica, especialmente de autónomos e pequenas empresas e negocios da nosa vila”.

O Voceiro Socialista explicou que rexistrou outra moción coa que demanda ao Concello de Riotorto “que inclúa no Plan Único da Deputación 2021 arranxar a pista que vai dende Mundín ata San Pedro, xa que é o camiño de acceso habitual dos veciños cando se dirixen tanto á igrexa de San Pedro como ao cemiterio parroquial”, explicou.

## Os nacionalistas piden arranxos en estradas de Órrea e Santa Marta

O BNG de Riotorto reclamou arranxos en diversas estradas das parroquias de Órrea e Santa Marta no Pleno, moción que non foi aprobada.

En concreto, a formación nacionalista solicitou que se leven a cabo traballos de asfaltado e limpeza de cunetas na estrada LU-P-3003 que vai desde Courel ata a N-640, usada a diario por veciños e veciñas de Órrea e Galegos.

Tamén demandou melloras no firme de tres vías municipais de Santa Marta: a pista que vai desde Chacín ata a estrada provincial, moi deteriorada polos vertidos de augas residuais provocados polas deficiencias de saneamento da zona; a vía que une este núcleo ata o cruce da Moxoeira, polo Pibidal; e a pista que pasa pola Manguela, que dá servizo á captura de auga de Chacín.

Ademais, o BNG reclamou un proxecto de rehabilitación para a antiga escola de Courel que permita recuperar o edificio, agora en

estado de abandono, para uso da veciñanza. A formación nacionalista considera urxente reparar o tellado para evitar o derrubamento da construción.

Os nacionalistas propuxeron que as obras sexan incluídas polo goberno local no Plan Único da Deputación de Lugo, que destina ao concello preto de 240.000 para 2021. O concelleiro Luis Fernández explicou “que se trata de obras que demandan as asociacións de veciños que deben ser escoitadas para establecer as prioridades de investimento”.

**ACTIVIDADES FORESTAIS.** O BNG reiterou no Pleno a súa oposición á ordenanza de actividades forestais promovida polo goberno local, que establece unha taxa de 0,60 euros por tonelada de madeira extraída. “Serán os veciños e veciñas, pequenos propietarios dos montes, os que acaben pagando esa taxa xa que as empresas repercutirana inmediatamente no prezo que ofre-

zan pola madeira”, explicou o concelleiro nacionalista, que apoiou as alegacións presentadas á normativa por colectivos veciñais.

Luis Fernández lembrou que o Concello xa contaba cunha normativa que establece o depósito dunha fianza á empresa que vaia realizar a tala. Se non se producen danos, a fianza devólvese á madeireira. “O goberno municipal debería centrar os seus esforzos en facer cumprir a normativa vixente, poñendo o persoal e os medios necesarios para facer un seguimento do estado das vías que se utilizan para retirar a madeira”. A taxa de 0,60 euros non evitará os estragos nas vías, ao contrario, normaliza que se produzan e traslada o seu custo aos pequenos propietarios, que verán como a súa madeira vale menos”, estimou. Segundo as estimacións dos colectivos veciñais que se opoñen á normativa, as perdas para os propietarios e propietarias serán duns 300 euros por hectárea.



## Abre o prazo para solicitar o pago das axudas do Plan de Emprego

O Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local de Xove volveu convocar un ano máis as axudas do Plan de Emprego Municipal, elaborado para incentivar a contratación de persoas desempregadas do termo municipal. Estas axudas contan con dúas liñas, a que subvenciona á empresa contratante de traballadores en paro e a que destina os cartos ao veciños que deixen o paro para poñerse como autónomos. Para o primeiro caso, as axudas son de 2.100 euros ao ano para aquelas empresas que contraten unha muller traballadora durante tres anos. Este montante é por ano traballado e prorrateable en caso de que non o se complete o ano fiscal. Esta axuda é anual e se a persoa contratada é un home a axuda é de 1.800 euros. Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas empresas con personalidade xurídica privada calquera que sexa a súa modalidade, autónomos, sociedades civís, unións temporais de empresas, comunidades de bens, fundacións e asociacións aínda carentes de personalidade xurídica, que desexen



Demetrio Salgueiro

contratar a unha ou máis persoas que reúnan os requisitos antes referidos, sempre que o contrato sexa de duración mínima inicial de seis meses. Ademais, no caso particular das UTEs, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas. A seguinte liña das axudas corresponde a aqueles traballadores que estando no paro opten polo autoemprego. As persoas beneficiarias deste plan poderán acollerse a unha subvención equivalente ao importe da súa Seguridade Social co límite máximo de 5.400 euros para os tres

primeiros anos (límite máximo anual de 1.800 euros) no caso dun home e 6.300 euros (límite máximo anual de 2.100 euros) para unha muller.

Poderán solicitar un posto de emprego ao abeiro do PEM as persoas que estean empadroadas e con residencia efectiva no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude, requisito que se deberá manter durante toda a vixencia do expediente subvencionado. O Concello de Xove destina a estas axudas un total de 70.000 euros, que, segundo explica o alcalde, Demetrio Salgueiro, houbo anos nos que subiu algo e outros nos que baixou pero sempre estamos mantendo a mesma liña. Ademais, "son unhas axudas moi interesantes e teñen moi boa acollida, de feito, hai moitas persoas que atoparon o seu primeiro posto de traballo grazas a estas axudas, porque o que tentamos facer é unha discriminación positiva para os veciños de Xove", explica.

Está aberto o prazo ata o 15 de marzo de 2021 para solicitar o cobro da subvención correspondente ao ano 2020.



Algunhas das imaxes da exposición

## O centro cívico acolle unha mostra fotográfica sobre a emigración

A sala de exposicións do Centro Cívico de Xove ampliou ata marzo o tempo da exposición itinerante, en colaboración con Afundación Obra Social Abanca, *Nós tamén fomos emigrantes*. Trátase dunha valiosa selección fotográfica da Axencia EFE que nos leva a esa realidade histórica da emigración, galega e española, a través dunha síntese de corenta imaxes sacadas coa mirada profesional e humana dos fotoperiodistas da época. Esta exposición forma parte do proxecto Corrente Cultural, unha iniciativa coa que promovemos desde Afundación, a Obra Social de Aban-

ca, e Abanca un circuito expositivo por diferentes pobos da xeografía galega, e en colaboración cos concellos ou outras entidades locais. A mostra pode visitarse polas tardes de 18.00 a 20.00 horas. *Nós tamén fomos emigrantes* recolle unha antoloxía de imaxes dos arquivos da Axencia EFE que posúe un dos fondos fotográficos máis importantes de España sobre a emigración galega e española. Son retratos próximos que narran as circunstancias vitais da xeración das nosas nais e pais e tamén de avós e avoas, que abandonaron a súa terra en procura dun futuro mellor.

## Novo concurso de caretas

O Concello de Xove puxo en marcha unha nova edición do Concurso de Caretas de Entroido. Coma en anos anteriores, o concurso destínase a nenos e rapaces de Xove, en especial aos alumnos do Ceip Pedro Caselles e aos de ESO do IES Illa de Sarón. Segundo idade, hai cinco categorías: preescolar (nenos de 3, 4 e 5 anos); 1º e 2º de primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías concederanse tres premios. A técnica a empregar será libre: de-

buxo a lapis, rotuladores, ceras, collage, etc. Non se admitirán caretas prefabricadas.

Cada concursante pode presentar unha ou máis caretas pero só poderá optar a un único premio. Estes consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios. Neste caso, a contía total destinada aos premios poderá repartirse en partes iguais entre os gañadores. O prazo para presentar traballos remata o 25 de febreiro.

## Lugar das Marías, gaña o certame de escaparates de Nadal

O departamento de Emprego e Desenvolvemento local de Xove escolleu ao Lugar das Marías como o gañador do seu concurso de escaparates de Nadal. Este concurso desenvolveuse nas redes sociais e tiña como obxectivo escoller o escaparate mellor decorado do termo municipal. Foron os propios veciños os que votaron ao gañador a través dos "gústame" de Facebook.



**VIVEIRO**

VIVIENDAS DE 2 y 3 HABITACIONES  
DESDE 62.280 € con garaje y trastero  
IMPUESTOS NO INCLUIDOS

**BURELA**

VIVIENDAS DE 1, 2 y 3 HABITACIONES  
DESDE 36.300 € con garaje y trastero  
IMPUESTOS NO INCLUIDOS

Rúa Vila, 71. 27790 BARREIROS - 650 822 930  
Avda. Asturias - FOZ  
Avda. Arcadio Pardiñas, 101. 27880 BURELA

Visite nuestra web: [www.cisbar.es](http://www.cisbar.es)

lourenzá

## A alcaldesa fai chegar á Xunta as necesidades do Concello



Reunión da alcaldesa co delegado da Xunta

A alcaldesa de Lourenzá, Rocío López, mantivo unha reunión co delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, para facerlle chegar algunhas das necesidades municipais. Deste xeito, a alcaldesa solicitou a colaboración do Goberno autonómico para a cuberta das escaleiras do Ceip Juan Rey, “unha necesidade real e urxente que precisa o centro”.

Así mesmo, tamén faláron do peche actual de ventanais de aluminio que precisa ser substituído por outro novo que proporcione un mellor illamento ao edificio. Así mesmo, pediron colaboración para a substitución do alumeadado actual do campo de fútbol de Santa Cruz por outro máis eficiente e que permita un maior aforro enerxético.

## Adiadas as Xornadas de Historia

Tendo en conta a evolución da pandemia e ante a posibilidade dun novo repunte de contaxios, o equipo de goberno de Lourenzá decidiu aprazar ata a primavera ou o outono a realización das IV Xornadas de Historia Local, que tiña previsto desenvolver en febreiro. O edil de Cultura, Manuel Arango,

explica: “cremos que sería unha irresponsabilidade celebrar as xornadas nestes momentos, vendo o avance da pandemia tanto en Galicia como na Mariña. Estamos traballando para poder levalas a cabo en canto mellore a situación sanitaria e volvamos a unha nova situación de certa normalidade”.

## As queixas polas obras no teito do mosteiro chegan ata o Parlamento

Diante da problemática xurdida arredor das obras promovidas pola Dirección Xeral do Patrimonio no Mosteiro de San Salvador de Lourenzá “que leva anos nun deplorable estado de conservación tanto nos claustros coma nos espazos transversais do propio edificio”, o BNG presentou no Parlamento de Galicia unha iniciativa ao respecto a través do deputado mariño Daniel Castro. Os nacionalistas recollen así as queixas da sociedade laurentina “que ve con estupor como desde a Dirección Xeral de Patrimonio permiten nesta obra a colocación de materiais coma chapas metálicas como solución para os próximos

catro anos nun Ben de Interese Cultural, cando no caso de obras de particulares a supervisión é moito máis estricta”, din.

Desde o BNG laurentino, Áurea Vázquez e Enrique Rocha apuntan tamén que “esta é unha obra de extrema necesidade ao levar varios anos nun penoso estado de conservación, máxime cando é un BIC, emblema do noso concello, e alberga tamén o Museo de Arte Sacro, o Museo da Faba, a Oficina de Correos, a Casa Consistorial e mais dependencias civís, pero eso non xustifica que a administración autonómica permita o feito de que se poida reparar un inmovible de tanto

valor patrimonial con chapas metálicas e que estas poidan permanecer ata un período de catro anos”. Recollendo todas estas preocupacións e demandas, Daniel Castro manifestou que “presentamos esta proposición non de lei para que o Parlamento inste á Xunta de Galicia a revisar a elección dos materiais empregados na reforma da cuberta do Mosteiro de San Salvador e reducir o prazo máximo de permanencia de dita reforma de catro anos a dous. Queremos que esta obra se faga o máis rápido posible pero respectando tamén os criterios de intervención marcados pola propia DXP”.

## O Concello fai tarefas de limpeza e desbroce de zonas verdes

O Concello de Lourenzá está a realizar estes días diferentes traballos de limpeza de contas e adecuación de espazos verdes con persoal municipal. Ademais, continúase cos traballos de desbroce que se están acometendo nas áreas verdes. Así, traballouse en Fonte de Pousada, Fonte da Clara, Ponte de Pumarega, contorna da Capela da O e contorna da igrexa e cemiterio de San Xurxo.



Unha imaxe de como quedaron os traballos de desbroce



## A casa da cultura reparte máscaras reutilizables

A Casa da Cultura do Vicedo ten a disposición dos veciños da localidade máscaras reutilizables brancas e grises confeccionadas por voluntarios e voluntarias.

Estas máscaras están sendo elaboradas de forma altruísta dende que se iniciou a pandemia e postas a disposición de todos os veciños que o desexen. Poden anotarse para pedilas nos teléfonos 982 590 029 e 660 192 765.

## O Concello comeza a traballar nas obras

O alcalde do Vicedo, Jesús Novo, avanzou que xa teñen rematadas as obras do Plan Único do ano pasado e que investirán agora 225.000 euros noutras obras distribuídas en dúas partidas diferenciadas, de 184.327 e de 30.000 euros.

Estas obras consistirán na adecuación de accesos a diferentes núcleos rurais na parroquia de Cabanas, no camiño de Capariña, Freixeiro, Cristo da Paleira, Maixofrío e Xisto ademais da pavimentación da escola desta parroquia. Ademais, tamén se acometerán obras na parroquia de Riobarca, concretamente a execución dos accesos a Maladas. Jesús Novo avanza que teñen previstas 16 obras a realizar en



Unha vista xeral do Concello do Vicedo

canto mellore o tempo, 7 das cales son con fondos propios. Indicou tamén que os traballos en camiños con cargo ao Plan

Único da Deputación chegarán a todas as parroquias pero que se están facendo de forma paulatina combinando estes cartos con

fondos propios.

Ademais, o Concello tamén investirá 40.000 euros na reelectrificación en Peón e Pena, onde se colocará alumeadado público.

Finalmente, o resto de cartos irán destinados a gastos de persoal e servizos sociais mantendo as mesmas porcentaxes do ano pasado. Así mesmo, 10.000 euros irán para Cultura, aínda que como avanzou o alcalde non saben si poderán ser para sufragar os gastos de celebración da Romería Vikinga, “xa que aínda non sabemos como evolucionará todo e se poderá celebrar”, dixo. Se esta non se celebra, o alcalde indicou que se buscará un destino no capítulo de Cultura para estes cartos.

o vicedo

## Mellorarán a eficiencia enerxética da gardería e a cámara agraria

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, mantiveron unha xuntanza telemática na que anunciaron que o Goberno e o Concello colaboran nun proxecto para mellorar a eficiencia enerxética nos edificios da gardería e a cámara agraria. Esta actuación suporá un investimento total de 90.671 euros.

A subdelegada destacou que o proxecto do Goberno municipal de Trabada conta co respaldo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que lle concedeu unha achega de 69.513 euros ao Concello para levar a cabo este proxecto. Ademais, Isabel Rodríguez felicitou á alcaldesa de Trabada pola sensibilidade que demostra ao poñer en marcha unha iniciativa que redundará na redución de emisións contaminantes. O proxecto suporá o cambio de cubertas e xanelas nos edificios da gardería e da cámara agraria. Esta actuación permitirá un aforo anual de máis de 6.000 euros



Mayra García Bermúdez

na factura enerxética polo gasto en calefacción que desembolsa o Concello e, ademais, repercutirá favorablemente no medio ambiente porque se logrará unha redución do 30% nas emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera.

O proxecto do Concello de Trabada será financiado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do IDAE, e polo Concello de Trabada que tamén se fará cargo da execución das obras. A licitación está prevista para o primeiro trimestre deste ano.

## O Goberno local reparte unha dedicación parcial entre 2 edís

O goberno municipal de Trabada acordou dividir a dedicación parcial aprobada no Pleno de organización do 2019 e establece a favor de Julia María Barcia Fernández e Rubén García Freije unha dedicación de 10.949,46 euros brutos/anuais.

A decisión adoptada polo grupo socialista responde a unha reorganización das atribucións das diferentes funcións municipais.

A alcaldesa indica que o custe para as arcas municipais do Goberno municipal segue sendo dos máis baratos da comarca da Mariña e doutros concellos similares en poboación.

“Somos un equipo que traballa arreo para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños”, di Mayra García Bermúdez.

“Nun ano tan excepcional como foi o pasado, cunha crise sanitaria polo medio fumos quen de xestionar entre todos preto de un millón de euros en investimentos, porque con independencia de dónde veñan os fondos, hai que xestionalos e ahí é donde está o traballo do goberno socialista municipal”, engade.

**CRÍTICAS.** “O que se viu no pleno foi un trato de favor a dous membros do grupo municipal socialista”, asegura o portavoz do PP en Trabada, José María Fernández, con relación á decisión adoptada pola Corporación.

Os populares denunciaron repetidamente que a tenente de alcalde, Julia Barcia, cobraba por media dedicación ao Concello, a pesar de que, como profesora, exerce fóra da provincia, concretamente en Forcarei. Despois das denuncias públicas de tal situación, o goberno municipal, encabezado por Mayra García, levou á sesión plenaria unha proposta para rebaixar ao 25% a dedicación de Barcia, e adjudicar outra do 25% a outro membro do goberno, Rubén García.

Por outro lado, o grupo municipal do PP presentou unha iniciativa no Pleno para instar á Deputación a mellorar as estradas LU-P 6103 e LU-P 6104. A alcaldesa e deputada provincial asegurou que as citadas vías serán reparadas pola entidade no ano en curso.

## A Deputación subvenciona varias actuacións na zona rural

A Deputación de Lugo financia o arranxo e a construción da rede de abastecemento de auga potable no lugar de Carreira Chá. Unha actuación en colaboración coa Asociación de Veciños deste lugar pertencente á parroquia trabadense de Vilaformán, que conta cunha achega da institución provincial de 15.000 euros. Os traballos, dos que se beneficiarán seis vivendas desta parroquia, consistirán na reposición de ramais, instalación de flotadores nos depósitos, trazado de ramais de abastecemento dende os depósitos das vivendas ou a instalación de chaves de paso en cada depósito, entre outros.

A Asociación de Veciños de Carreira Chá promove as relacións comunitarias entre os veciños e veciñas deste lugar, na parroquia trabadense de Vilaformán, e iniciativas co fin de mellorar as infraestruturas públicas da súa contorna. Ten como finalidade realizar actividades de confraternidade entre os veciños da parroquia.

**TELECLUB DE SANTE.** A Deputación colaborará coas obras para o acondi-



Firma do convenio para as obras da cuberta do teleclub de Sante

cionamento da cuberta do teleclub da parroquia de Sante, en Trabada, cunha achega de 28.000 euros. O presidente asinou coa representante da asociación de veciños de San Julián de Sante, Guadalupe Rego, o convenio de colaboración que materializa esta axuda da institución provincial, que servirá para desenvolver unhas actuacións que garantirán a funcionalidade, seguridade e habitabilidade do local social, que presta servizo a 180 veciños.

As filtracións da cuberta, deteriorada polo paso do tempo, impiden realizar as diferentes actividades lúdicas e culturais da parroquia adecuadamente. Entre os traballos a realizar abordarase a substitución das lousas e a reparación do sistema de pluviais, revestirse a cheminea e colocarse unha lámina impermeabilizante e de illamento térmico. O custo total da obra ascende a 29.539 euros, dos que 1.539 euros serán abonados pola propia entidade beneficiaria.

## Rematan as obras no parque infantil da Área da Choza na ría de Abres

O Concello de Trabada rematou as obras de reposición do parque infantil na Área da Choza na Ría de Abres, proxecto co que contaron cunha axuda da Deputación de Lugo de 23.818 euros.

As obras consistiron na renovación integral do pavimento, cambio e reparación dos xogos e do peche perimetral da zona para os cativos. “O obxectivo é ofrecer un espazo de xogo seguro para os máis pequenos”, indica a alcaldesa, Mayra García Bermúdez.



Supervisión das obras realizadas no parque

**PRONTO VOLVEREMOS**

*O Petisco*  
Viñoteca

Vinos de D.O. Galegos

Vinos de D.O. das diferentes rexións da xeografía nacional  
Racións elaboradas con produtos da zona e coa calidade Galega

**CALIDADE E BO PRECIO! - MONDOÑEDO MOLA!**

Praza do Concello, 12, 27740 Mondoñedo, Lugo - Tel.: 627 792 015

## barreiros

## Asinado un convenio para mellorar o SAF



O presidente da Deputación e a alcaldesa, na firma do convenio

O presidente da Deputación, José Tomás Roca, e a alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de mellorar o Servizo de axuda no fogar (SAF) no municipio mariñao. Froito deste acordo, a Deputación investirá 20.000 euros que se destinarán á adquisición de novo material para prestar un servizo de maior calidade e facilitar a atención aos usuarios e usuarias do SAF. En concreto, mercarase material ortoprotésico novo (andadores, muletas e cadeiras de rodas) que se dirixirá na súa maioría aos usuarios do servizo. O Concello

de Barreiros xestiona este material mediante un sistema de préstamo, evitando así que as familias teñan que afrontar gastos sobrevidos. Outra parte dos fondos destinarase á renovación do material ofimático para favorecer unha prestación máis áxil dos trámites demandados coas distintas administracións (tramitación de expedientes e solicitudes) que a día de hoxe se teñen que facer a través de medios electrónicos. O SAF de Barreiros presta atención a día de hoxe a 67 persoas, non existindo listaxe de agarda, e nel traballan 22 auxiliares.



O concelleiro popular saínte e entrante, respectivamente

## O popular Gómez Puente substitúe a Fuente Parga

O ex alcalde e actual portavoz do PP na corporación municipal de Barreiros, Alfonso Fuente Parga, renuncia a acta de concelleiro e será substituído como portavoz por José Manuel Gómez Puente, que ademais de concelleiro é deputado provincial. Alfonso Fuente Parga (Benquerencia-Barreiros, 1971) deixa a concellería por motivos puramente profesionais. Chegou á corporación municipal en 2003 como número dous na lista popular encabezada por Luís Fraga (alcalde). Ao falecer este en 2005, Fuente Parga asumiu a Alcaldía, cargo que desempeñou ata as eleccións

dos 2019; dende entón exercía como portavoz do seu grupo. Pola súa parte, o que será o novo portavoz popular en Barreiros, José Manuel Gómez Puente (nado en Cospeito no ano 1967), entrou na corporación de Barreiros no mesmo ano que Fuente Parga. Anuncia que dará continuidade ao "magnífico traballo levado a cabo por Fuente". Indica tamén que un dos seus obxectivos será o de manterse "tan próximo como lle sexa posibles aos afiliados". Gómez Puente reside en Barreiros desde 1996, ano no que foi destinado profesionalmente a este municipio.

## O Plan Único inclúe á mellora do depósito de auga da Rigueira



O Concello prepara estes días os proxectos para entregar o venres 12

O Concello de Barreiros está a preparar estes días a documentación coas obras e investimentos que se incluírán no Plan Único da Deputación deste ano. Segundo avanzou a alcaldesa, Ana Ermida, que vén de incorporarse tralo confinamento que tivo que pasar por estar afectada da covid, unha das primeiras accións será a compra dun camión de segunda man para servir de axuda nas tarefas que desenvolven as distintas concellerías, habitualmente para uso dos servizos de medio ambiente e urbanismo. Segundo indicou "o parque móbil que tiñamos estaba en pésimas condicións e por iso sempre procuramos destinar unha partida a ir cambiando os vehícu-

los pouco a pouco". Así mesmo, e continuando coa traxectoria do ano pasado, o Concello tamén volverá sacar dous postos de emprego nas áreas de turismo e deporte e que se sufragarán con este orzamento. Non faltará tampouco a partida destinada á mellora e asfaltado de vías rurais pero a listaxe nas que se traballará aínda non está lista. Finalmente o Concello investirá na renovación do bombeo de abastecemento do depósito da Rigueira. Como explica Ana Ermida, "tanto os camiños como os puntos de bombeo son investimentos que non se vén pero que son moi necesarios para dar un servizo importante aos veciños".

## As escolas deportivas de Cervo serán on line para nenos e adultos

Ante as novas medidas de prevención fronte á covid-19 que tan só permiten a realización de deporte individual ao aire libre e sempre usando máscara, desde o pasado mércores, 26 de xaneiro, permanecen pechadas as instalacións municipais como a piscina municipal (agás no caso excepcional do alumnado do Ciclo de Grao Superior en Ensino e Animación Sociodeportiva cuxa formación práctica require do uso desta instalación), o ximnasio municipal e o Complexo Deportivo da Veiga.

Debido a esta situación nas escolas deportivas infantís quedaron suspendidas as clases presenciais, pero ofertaranse actividades dirixidas por vía telemática para que os pequenos poidan seguir facendo exercicio desde a casa.

Na mesma situación quedan as escolas deportivas de adultos, que ofertan sesións de pilates, zumba e ximnasia de mantemento a través dunha plataforma virtual para que as persoas usuarias poidan seguir coa súa rutina desde a casa cos seus monitores.

Para recibir información sobre a nova situación, os veciños poden contactar co teléfono 982 55 77 77 en horario de mañá. Durante este tempo non emitirá ningún recibo ás persoas usuarias destes servizos e instalacións municipais.

## o valadouro

## O PP critica a "inactividade" do alcalde sobre o polígono

O voceiro do PP, José Manuel Lamela, "destapou" na sesión plenaria celebrada este mércores "as mentiras do alcalde socialista en relación á construción do polígono industrial que supoñen o atraso para a súa implantación no noso concello". O popular lamenta que "despois de oito anos prometendo o polígono para xa, o alcalde aínda non ten nada feito; tal e como recoñeceu no pleno despois de dar moitas voltas". Lamela sinala que "o goberno local aínda non ten solicitado ante o Instituto de Vivenda e Solo o cambio de emprazamento que eles mesmos propuxeron". O popular explica que é preciso solicitalo formalmente para que sexa recollido polo plan de sectorización do parque empresarial do Valadouro e, "unha vez aprobada

a substitución da localización no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, poderase tramitar a modificación das normas subsidiarias e complementarias de planeamento do Concello para clasificar a nova zona como solo apto para urbanizar de uso industrial". O voceiro dos populares no Valadouro incide en que "o PSOE mentiu no seu último programa electoral onde sinalaba que fora aprobada a modificación puntual das normas urbanísticas en decembro do 2018. Non é certo porque primeiro é necesario tramitar o cambio da área delimitada pola creación dun emprazamento diferente ante o IGVS para cumprir co que establece o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais". Lamela lembra que "o plan de sec-

torización do parque empresarial foi aprobado inicialmente no 2009, na etapa do anterior goberno que deixou encamiñada a tramitación de cara á construción do polígono". Os socialistas propuxeron unha nova ubicación pouco despois de chegar ao goberno e "os trámites non avanzan; senón que teñen que volver para atrás. Iso a pesar de que o Concello comprou os terreos novos que incluso apoiámos co obxectivo de favorecer o solo industrial", conclúe.

**ALCALDE.** O alcalde, Edmundo Maseda, afirma que o proxecto para o futuro polígono segue avanzando aínda que están pendentes varios informes, un sería o de telecomunicacións e o outro o que está ao cargo de Augas de Galicia.

## Cervo aproba un orzamento de 6,4 millóns de euros para 2021

A edil de Facenda, Dolores García Caramés, presentou os orzamentos previstos para o este ano 2021 e aprobados no Pleno do 4 de febreiro.

Caramés explicou que a partida para este exercicio ascenderá a 6.445.820,17 euros, unha cifra que se reduce nun 3,04% con respecto ao exercicio anterior —concretamente en 201.867,60 euros— “froito da actual conxuntura que vivimos marcada por unha pandemia de alcance mundial, unha situación inédita que tamén afecta ás arcas municipais”.

Os orzamentos son polo tanto “realistas; e responden aos principios da prudencia e a da responsabilidade”; co obxectivo prioritario de seguir a ofrecer uns servizos públicos de calidade para a nosa veciñanza; cumprindo os principios da eficiencia e da eficacia na xestión do gasto

público. Son unhas contas —engage— que amosan a aposta decidida deste equipo de goberno pola estabilidade e a sustentabilidade financeira, e nomeadamente polos servizos públicos; “porque estes orzamentos reflicten de novo a indubidable aposta deste Concello pola xestión directa, “que sitúa a Cervo como o municipio de Galicia con máis servizos públicos” (saneamento, recollida de lixo, abastecemento de auga, escola infantil, piscina municipal, Axuda no Fogar, Dependencia, entre outros).

No orzamento para este ano 2021 seguen a ter especial relevancia as políticas de fomento do emprego “cuxo exemplo máis significativo son as bolsas de formación remuneradas para a mocidade”, para as que se destinan 140.000 euros do orzamento municipal.

Seguimos, así mesmo, —precisa—

estando ao carón do tecido social do noso municipio, ofrecendo axudas directas ás diferentes asociacións e clubs deportivos que son fundamentais no día a día do noso Concello “sabedores de que están a ser tamén tempos moi difíciles para o desenvolvemento da súa actividade que se está a ver tremendamente condicionada pola pandemia”. Do mesmo xeito, seguiremos apoiando á comunidade educativa con axudas que volvemos dispoñer para o transporte do alumnado, para as familias, para os centros educativos e as anpas.

Os Servizos Sociais ocupan ademais un lugar prioritario na estrutura dos novos orzamentos; para os que se reservan un ano máis unha importante contía tanto para a súa xestión directa como para seguir a colaborar coas diferentes asociacións e colectivos.

## Renovado o pavillón do Ceip con 28.000 euros



Supervisión dos traballos realizados no pavillón

O Ceip de Cervo conta cun pavillón renovado logo dun investimento de 28.000 euros, dos cales 15.000 foron aportados pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, e a cantidade restante polo Concello de Cervo. Os traballos consistiron na rexeneración do pavimento, selado de gretas e a aplicación dun acabado satinado, así como na marcade das liñas de fútbol sala, voleibol, tenis, baloncesto e balomán na pista polideportiva. Esta nova actuación vén sumarse á recente renovación integral acometida no centro pola Administra-

ción autonómica, “que respondeu de xeito inmediato ás demandas municipais”, priorizando esta intervención en Cervo entre máis de 1000 centros de ensinanza de toda a Comunidade; “xa que o noso CEIP foi un dos 22 colexios rehabilitados pola Xunta ao amparo dos fondos de superávit, cun investimento no noso caso de preto de un millón de euros que nos permite dispor dun centro moderno e completamente renovado”, o que garante tamén a continuidade no futuro deste colexio, cuxa inauguración data do ano 1983.



## O Sanci Tapeando deberá aprazarse polo peche da hostalaría

Tras dúas citas, o programa Sanci Tapeando deberá aprazarse unha vez máis debido ao cambio na normativa da Xunta que obriga ao peche da hostalaría ás 18.00 horas e posteriormente ao peche total.

Esta iniciativa consiste na degustación de diferentes receitas culinarias en 7 locais hostaleiros de San Ciprián todos os xoves do mes.

En xaneiro xa se celebraron dúas citas pero o resto, previstas para os días 21 e 28, quedaron pospostas. Os clientes terán a posibilidade de participar nun sorteo de tres vales, de 250 euros, de 150 euros e de 100 euros, para gastar nos locais participantes; que se celebrará cada dous meses.

## Supervisan o tinguido de augas na Limosa e no río Xunco



Responsables municipais visitando a zona do verquido

O Concello de Cervo segue moi de preto a evolución do tinguido das augas da praia da Limosa, en San Ciprián, e do leito do Río Xunco, en Cervo; provocado a raíz dos episodios de chuvía intensa que se viviron días pasados; e que derivaron na acumulación de material inerte en ámbolos dous escenarios.

No caso do areal, tras ser coñecedores da situación, a edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, púxose en contacto cos responsables da empresa que sosteñen que a cor vermella das augas é froito do arrastre do material importado de Guinea, a consecuencia das elevadas precipitacións rexistradas.

Pola súa banda, o tinguido branco

do Río Xunco é provocado polo arrastre de material inerte procedente das balsas de decantación das minas de caolín, inoperativas desde fai máis de 5 anos.

Desde o Concello estase en contacto coa Comunidade de Montes e tamén coa nova empresa adjudicatária que en datas próximas volverá explotar a mina; o que implicará tamén un reforzo das tarefas de mantemento, que nestes intres, á vista dos feitos e trala acumulación desa materia inerte no río, non son as desexables.

Os feitos, tanto no caso da Praia da Limosa como do Río Xunco, foron postos en coñecemento das autoridades competentes en materia medioambiental para a súa valoración.

## Comuneiros de San Román firman con Samca a posta en marcha da mina de caolín

Os membros da comunidade de montes veciñais de Vilaastrofe, situada en San Román de Cervo, acordaron na súa asemblea que a mina de caolín situada no monte da Rañoeira poda volver ser explotada. O proxecto foi aprobado polo voto unánime dos asistentes, que foron un total de 40, dos 63 comuneiros.

O proxecto de explotación estará ao cargo do Grupo Samca, que ten previsto a extracción de caolín en 68 hectáreas de monte comunal, o dobre do que se fixera ata o de agora. O acordo será por 30 anos, prorrogable a outros 5.

O acordo coa empresa mineira implica o pago de tres cánones anuais que se irán incrementando a medida que a mina amplíe a súa produción. Tamén está prevista a construción dunha planta de produción nos terreos de San Román que podería entrar en funcionamento nun prazo de tres anos. Os comuneiros, no acordo, recollen que serán os primeiros en acceder aos postos de traballo que se creen para esta construción. Así mesmo, está previsto que a em-



Unha vista da mina

presa realice un plan de reforestación naqueles terreos que se vaian deixando de explotar para volver a mans da comunidade de montes e recuperar o seu uso forestal.

Os primeiros traballos que se acometerán serán os de mantemento e conservación, en especial nas balsas, tras cinco anos sen actividade. Tamén se fará un estudo dos recursos e reservas.

Esta mesma empresa tamen explotará caolín das minas de Monte Castelo de Burela, con cuxa comunidade de montes xa firmou un contrato para 22 hectáreas de terreo.

## A Fundación Dignidade merca o edificio do hospital Cabanela



O edificio amañado do Hospital de Cabanela

Escriturouse xa a venda do edificio do antigo hospital de Cabanela á Fundación Educativa e Social Dignidade. Deste xeito remata o expediente publicado o 19 de outubro do ano pasado. O edificio foi adxudicado en 455.271,50 euros.

O Concello adquiriu este inmoble co obxectivo de poñer en marcha un proxecto social, cun investimento de 300.000 euros na adecuación das dúas primeiras plantas e a creación de trece postos de traballo.

A Fundación Dignidade é unha entidade social non lucrativa que traballa con persoas de cara ao futuro, a través de programas e proxectos creativos, para propiciar o cambio por medio do bo trato e da digni-

dade humana. Iniciou a súa actividade no concello de Mondoñedo no 2020, coa xestión do servizo de programas de intervención en réxime de acollemento residencial e de atención de día para menores. Xurdiu así a Minirresidencia Dignidade Mondoñedo, que creou 13 empregos. En novembro do ano pasado, a Fundación participa na subasta convocada polo Concello deste edificio.

A Fundación pretende ampliar o espazo da minirresidencia no segundo piso do inmoble e crear unha vivenda de inclusión social no baixo cuberta. O terceiro piso está previsto para a creación dun proxecto de emprendemento social como aloxamento turístico.

## O Concello opta por facer cambios no plan de reforma da praza

Máis de 800 sinaturas apoiaron o Manifesto Así, NON! que cuestiona o proxecto de reforma da praza da Catedral de Mondoñedo. O que naceu como un grupo de persoas descontentas por estas reformas e que non foi escoitado nun primeiro momento polo Goberno local, convertiuse xa nunha forte marea que levou ao Concello a cambiar de opinión e celebrar un achegamento de posturas a través dunha reunión.

No manifesto que fixo público este colectivo, solicitábase ao Goberno municipal aclaracións sobre a necesidade e oportunidade dunha obra que pode alterar de maneira “difícilmente reparable” un ben patrimonial sensible. Ademais, propoñían a reconsideración do proxecto desde os inicios e, “no hipotético caso de considerarse necesaria a intervención”, esixíase que esta sexa sometida “inescusablemente” ao parecer da cidadanía.

Tras recibir nas plataformas e lugares habilitados a tal fin ata esta data máis de 800 sinaturas de apoio procedentes de Mondoñedo e doutros moitos lugares, e receptionar numerosas opinións, incluí-



Unha vista da praza da Catedral de Mondoñedo

dos as de profesionais de diversos ramos, quedou patente que había un descontento xeral por estos cambios.

“Unha intervención, en todo caso, innecesaria para resolver os problemas que se alegan na memoria do proxecto como accesibilidade, saneamento, repavimentación, mellora de iluminación e paseo, e para a que con toda probabilidade, segundo técnicos consultados, sexa totalmente insuficiente o orzamento previsto, incluída a par-

tida achegada polo Ministerio de Transportes, co consecuente compromiso dos fondos municipais, algo especialmente preocupante en situacións de crise como a actual”, explican.

Finalmente será Patrimonio o que se pronuncie tanto sobre o proxecto inicial como sobre as alegacións presentadas polos veciños. Nunha primeira reunión achegaron posturas e quedaron de compartir un novo encontro para volver a tratar as alegacións.

## Mondoñedo terá un concurso de Entroido a través de fotografías

O Concello de Mondoñedo tamén fará este ano un concurso de Entroido virtual debido ao coronavirus. De feito o nome do concurso será *Atípico entroido 2021 de Mondoñedo*.

O concurso ten seis categorías: individual infantil e adulto, parellas conviventes infantil e adulto e grupos conviventes infantil e adulto.

Todos os participantes deberán enviar a súa fotografía caracterizados coa temática do disface elixido a entroidomindoniense@gmail.com.

Nos grupos intanfís, máis da metade dos seus componentes deberán ser menores de 12 anos, podendo estar acompañados de varios maiores disfrazados.

Quedarán fóra de concurso todas aquelas participacións que non cumpran coas medidas de prevención sanitarias vixentes.

O prazo de presentación de fotos remata o día 20 de febreiro do 2021. Haberá premios que oscilarán entre os 100 e os 20 euros na categoría de adultos e entre 90 e 10 euros na de infantil. Haberá tres premiados por cada unha das seis categorías.

## Instalarán un crematorio na sala de autopsias do cemiterio

O Concello de Mondoñedo adxudicou a Funerarias Unidas Costa Lucense nun proceso aberto a concesión da sala de autopsias do cemiterio municipal para a instalación e explotación dun crematorio. A proposta foi aprobada por unanimidade.

O goberno local explica que “o artigo 26 do regulamento de policía sanitaria mortuoria establece como instalacións mínimas dos novos cemiterios a existencia dun forno incinerador” do que ata agora carecía o cemiterio municipal mindoniense. Polo tanto, “atendendo á dispoñibilidade do local que, ata o momento, se atopa sen uso; así coma á súa aptitude urbanística e integración no propio cemiterio municipal, estimamos conveniente abrir a posibilidade de que a iniciativa privada utilice este local para prestar o servizo aos veciños” que, a día de hoxe, tiñan que desprazarse a outros municipios para acceder a este servizo.

A concesión foi outorgada por unha duración de 25 anos ante a

necesidade de armonizar os prazos de amortización contable do investimento coa vantaxe que implican prazos curtos de concesión para avaliar o desenvolvemento imprevisible desta tecnoloxía.

Trala súa aprobación no pleno da corporación, iniciábase expediente de licitación. Así mesmo, dende o goberno local avanza que “a sala de autopsias será adecentada”.

O Concello de Mondoñedo fixa un canon mínimo anual de 1.200 euros atendendo, por unha banda, á superficie e características do local de 41m<sup>2</sup> e, por outra, á conveniencia municipal de complementar os servizos existentes.

Entre os deberes da empresa concesionaria atópanse o de aboar o canon anual; subministrar, instalar e manter os medios e instalación; contratar e abonar os subministros necesarios para a prestación do servizo; así coma manter o espazo e o seu entorno en perfectas condicións de seguridade, salubridade e ornato; ademais de cumprir coa normativa vixente.

## Finalizan os traballos de mellora da visibilidade na N-634



A subdelegada do Goberno, supervisando o resultado dos traballos

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, informou da finalización dos traballos realizados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para aumentar a visibilidade e mellorar a seguridade viaria na estrada N-634 ao seu paso por Mondoñedo.

Esta actuación foi realizada pola unidade de Estradas do Estado na provincia e supuxo un investimento de 170.000 euros. Os traballos comezaran a finais do mes de novembro e executáronse no treito comprendido entre os puntos kilométricos 583 e

600 da estrada N-634.

Isabel Rodríguez lembrou que este é só un dos proxectos executados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, onde o Goberno de Pedro Sánchez financia con 1,2 millóns de euros diversas actuacións de interese para os mindonienses.

A subdelegada, que visitou no mes de decembro algunhas das obras que se fan con apoio económico do Goberno, explicou que son varios os ministerios que realizan investimentos neste municipio.

## Aproban un plan de axudas en consenso con todos os partidos

O Concello aprobou o segundo plan de axudas a pemes e autónomos para contribuír ao financiamento de gastos vencellados á adopción de medidas preventivas contra á covid-19 que conta coa unanimidade da comisión informativa despois de ser abordado nunha mesa de traballo con todas as forzas políticas e con representantes da Aciam.

O Concello pretende atender a totalidade das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos regulados nas súas bases. Entre eles establecen que as pemes e autónomos deben ter domicilio social e centro de traballo ubicado no termo municipal; desenvolver unha actividade que non teña a condición de actividade esencial; ver reducido o seu horario de apertura ao público e reducido o seu aforo máximo a lo menos durante tres meses; cumprir coas súas obrigas fiscais e manter a prestación da actividade e, no seu caso, o centro de traballo, a lo menos, durante a totalidade do 2021.

Subvencionarase a adquisición de hidroxeles, cun importe máximo subvencionable de 300 euros por beneficiario; non obstante, dita contía elevarase a 500 euros para as activi-



dades que tiveron que pechar como consecuencia das medidas adoptadas na orde publicada no DOG do 26 de xaneiro de 2021. Tamén será subvencionable a adquisición ou arrendamento de mamparas e demais investimentos para conseguir o distanciamento social. Non será subvencionable a instalación de carpas ou toldos.

O importe da subvención acadará ata o 80% da base impositiva do investimento acreditado, sen que a subvención poida exceder de 3.000 euros por beneficiario. As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Mondoñedo ata o 28 de febreiro.

Ademais do programa de axudas

directas, o Concello adoptará outras medidas complementarias no eido tributario e dentro do estreito marxe normativo do que dispón o Concello, tales coma a suspensión da obriga de contribuír por varios servizos.

Estabécese exención extraordinaria para o primeiro bimestre do 2021 de varias taxas -lixo, auga potable alcantarillado- aos titulares de locais afectados polo peche. O Concello non pasará entón o cobro do primeiro bimestre de auga e lixo que se cobraría agora a mediados de febreiro.

A proposta recolle a suspensión da vixencia da taxa pola ocupación do dominio público para a colocación de terrazas na vía pública durante o 2021.

## Rexina Vega é distinguida como Cunqueiriana de Honra



Rexina Rodríguez Vega

A escritora, profesora da Universidade de Vigo e estudosa especialista na obra de Álvaro Cunqueiro, Rexina Rodríguez Vega (Rexina Vega), foi designada como Cunqueiriana de Honra de 2021. Así o decidiu o sábado 30 de xaneiro por maioría a comisión designada a tal efecto polo Concello de Mondoñedo e a Casa-Museo Álvaro Cunqueiro, entidades promotoras da distinción, durante unha reunión telemática na que os membros deliberaron despois de que cada un presentara unha candidatura e a promovera de forma argumentada.

Entre os sobresaíntes méritos intelectuais que Rexina Vega ate-

souza como estudosa e investigadora da obra de Álvaro Cunqueiro, a comisión quixo destacar o gran número de publicacións que desde fai 30 anos a ensaísta viguesa deu a coñecer en torno á vida e obra do autor mindonienese. Ademais destes volumes e teses, a comisión destacou os moitos artigos publicados por Rexina Vega sobre o mundo cunqueiriano nas máis prestixiosas revistas galegas, estatais e internacionais, así coma as numerosas conferencias, entrevistas e colaboracións sobre Cunqueiro que levou a cabo ao longo de tres décadas de investigación.

A distinción entregaráse o 28 de febreiro de 2021.

NOVA WEB  
www.amariñaxa.com

NOVA IMAXE  
MÁIS CONTIDOS

AMARIÑAXA

661 464 323 - redaccion@amarinaxa.com

## As escolas deportivas e de adultos seguirán por whasapp

O Concello de Alfoz comunicou a suspensión das clases presenciais nas Escolas Deportivas Municipais e nas actividades deportivas para adultos como consecuencia do covid-19 e das novas medidas tomadas pola Xunta de Galicia, pero atopou unha nova vía de seguir coas mesmas.

“Sabemos que o éxito e o valor destas actividades non só é pola práctica deportiva, senón por ser un lugar de encontro e onde relacionarse, algo fundamental en concellos pequenos e rurais coma o noso. Está claro que a situación actual non recomenda para nada estas reunións sociais pero no que respecta á práctica deportiva non temos porque abandonala cando se conta con medios para ofrecer alternativas”, explican dende o Concello.

A Delegación de Deportes de Alfoz, dirixida por César Marrube, anuncia que todas as modalidades deportivas: ioga, aeróbic, ximnasia de mantemento, baile, patinaxe e fútbol serán impartidas polos correspondentes monitores e monitoras a través de

vídeos coas sesións de exercicios que se farían na clase presencial e coas indicacións necesarias para a súa correcta realización.

Estes vídeos enviaranse aos grupos de whasapp de cada modalidade para poder continuar traballando desde as súas casas. Comunícase tamén que se suspende o pago das cuotas das actividades deportivas para adultos ata que se reanuden de xeito presencial as clases de ioga, aeróbic, ximnasia de mantemento e baile. As Escolas Deportivas Municipais son gratuítas polo que non afecta este aspecto.

A Delegación de Deportes de Alfoz espera que a iniciativa sexa ben acollida polos usuarios e usuarias como medida temporal ata que as cousas melloren e se poida voltar ás clases presenciais, tamén pide desculpas a aqueles usuarios que non contan con servizo de whasapp, que aínda que se trata de casos moi puntuais, é certo que non chegaría ao 100% polo que se está a falar con eles e mirar posibles alternativas.

## Destinan o Plan Único a obras na fonte da Grela e ao centro social

O Concello de Alfoz ten deseñado xa o plan de investimentos para os cartos do Plan Único. De feito esta semana será o Pleno o encargado de refrendar a proposta do grupo de Goberno e que ten un orzamento total de 149.635,51 euros.

Así, o proxecto reparte os cartos en catro eixes principais. Por unha parte hai un grupo de traballos baixo o epígrafe de alumeados. Son obras e instalacións necesarias para dotar de alumeado público varios barrios localizados en distintas parroquias do Concello. En todos os casos trátase de ampliacións ou reformas en instalacións existentes. Ademais, nalgúns outros casos trátase de unificar unidades co fin último de baixar o número de contratos de subministración.

As localizacións onde se farán son Gatofero, A Grela, O Rizal, A Cruz e Pazos (na Lagoa); Acivro, Faián de Abaixo, A Croa e Rozas (O Pereiro); Río das Donas, na parroquia de Oiras, As Leas, Canaledo e O Castriñón, en Baco; Barral, Santa Mariña, Correlos e O Liñar (A Granda), en San Pedro de Mor e A Orden, en Adelan. Así mesmo, continuarán con traba-



Centro social de Alfoz

llos de pavimentación de accesos a varios núcleos rurais como Vao, A Grela, Correlos, Couto de Abaixo, A Lama, A Nespereira, Canadouras e A Cabanela.

Otra das obras previstas é a rehabilitación da Fonte da Grela, onde se realizarán traballos de rehabilitación e restauración da fonte. Trátase dunha edificación que orixinariamente ten sido unha fonte pública, que nos anos setenta converteuse nun lavadoiro veciñal. Nesa época cubriuse o

espazo colindante coa fonte e habilitáronse catro lavadoiros.

A última partida irá destinaada para equipamento para o centro social xuvenil e da terceira idade. A intención é a adquisición de mobiliario para a Biblioteca Pública de Alfoz, nova iluminación para o escenario do salón de actos para o que se adquirirán vinilos e estores. Tamén se realizará a renovación de luminarias do centro social e a substitución de fluorescentes por led.

## Via Alfoz critica a elección da bandeira oficial

No último Pleno celebrado no Concello de Alfoz o goberno municipal levou a proposta de deseño da bandeira oficial do Concello de Alfoz.

O deseño foi aprobado cos votos a favor dos 5 membros do equipo de goberno do PSOE, “poucos votos para un símbolo que vai representar a tanta xente” segundo indican desde a Dirección Executiva de Via Alfoz.

Na súa intervención no Pleno, o voceiro do grupo municipal de Via Alfoz, Xabier Pardiñas, indicou que “a identidade de todo pobo está ligada á súa cultura, tradición, xeografía, paisaxe e os valores da súa xente, é por isto último propoñemos ao Pleno que se debería contar cos nosos veciños e veciñas para elixir a bandeira que nos vai representar a todos”. Ademais indicou que “cremos que hai outros problemas mais importantes nestes momentos que a elección dunha bandeira. Non cremos que sexa unha prioridade para os nosos veciños e veciñas neste momento, pero no caso de ter que

elixila agora deixemos que o pobo opine”.

Xabier Pardiñas, voceiro do Grupo Municipal de Via Alfoz, considera que “habería moitas formas de contar coa veciñanza na elección” e, neste sentido, propuxo no pleno estudar a posibilidade de facer un concurso de ideas no que un xurado formado expertos en heráldica elixise un número de propostas e que, posteriormente, o pobo, elixise entre elas nunha consulta popular, tal e como se leva a cabo noutros concellos.

A proposta elixida polo goberno municipal, deseñada polo Profesor Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Director do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, “merece todo o noso respecto, e desde Via transmitímoslle o noso agradecemento polo traballo, mais non se trata do deseño senón de que o pobo de Alfoz poida elixir a súa bandeira”, indica Xabier Pardiñas, quen afirma “levamos 800 anos sen bandeira, non creo que sexa necesario elixila agora con tanta prisa”.

## A zona de La Espina acollerá un novo parque eólico de 20 MW

A Consellería de Industria, Emprego e Promoción Económica de Asturias vén de someter a información pública a solicitude de autorización de Capital Energy para facer un parque eólico de 20 megawatts (MW) de potencia na zona de La Espina, no Concello de Vegadeo, proxecto que supón un investimento global duns 19 millóns de euros.

O parque, décimo que promove no Principado, estaría integrado por catro aeroxeradores capaces de fornecer 54.600 megawatts hora (MWh) de enerxía ao ano, equivalentes ao consumo de máis de 21.000 fogares asturianos. Segundo informa a compañía, coa súa posta en marcha evitarase a emisión anual á atmosfera de máis de 21.800 toneladas de CO<sub>2</sub>, e durante a súa construción, propiciarase a creación duns 115 empregos. Ademais, inclúense



Unha máquina traballando na zona de La Espina

nos orzamentos 111.000 euros en pagos de arrendamento e 513.000 do ICIO.

Capital Energy prevé investir máis de mil millóns de euros en proxectos de enerxías renovables en Asturias, onde xa comezou a construír un primeiro parque eólico nos termos municipais de Tineo, Villayón e Valdés, o de Bu-

seco, de 50 megawatts.

A empresa anunciou recentemente que prevé investir máis de 10.000 millóns de euros en España nos próximos cinco anos en enerxías renovables, con especial intensidade na última parte do período a medida que os proxectos alcancen a súa madurez no proceso de permisos.



## Cambio de titularidade da estrada de Bouloso a Figueirúa

O Consello da Xunta autorizou o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Pontenova da estrada provincial LU-P-4805 de Bouloso, por Dodrín, ata a Figueirúa.

O Concello da Pontenova solicitou á Deputación Provincial de Lugo a cesión da totalidade desta vía provincial de uso exclusivamente local, xa que comunica tres núcleos de poboación da parroquia de Conforto: Mamede, Dodrín e Figueirúa, coa estrada de titularidade autonómica LU-704 sen continuidade cara outros núcleos de poboación.

A Deputación dá a súa conformidade á transferencia da titularidade desta vía provincial, que comeza na estrada autonómica LU-704, en Bouloso, e conta cunha lonxitude de 5.567 metros.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do



Entrada á estrada que vai a Bouloso e Figueirúa

acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado polo Executivo autonómico, o Concello da Pontenova terá a competencia para actuar nesta vía e asume a súa xestión e conservación.

O cambio de titularidade foi efectivo desde o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación no DOG mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre Concello e Deputación.

A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello da Pontenova todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía.

## Escollen aos gañadores do sorteo de comerciantes

A recién creada Asociación de Comerciantes da Pontenova, cunha clara promoción, apoio e incentivación do sector do comercio local do municipio, pechou en xaneiro unha das súas primeiras actividades, o sorteo, en colaboración co Concello da Pontenova, de 1.500 euros en vales de compra para gastar nas tendas asociadas e que se desenvolveu este Nadal. Trátase de 30 vales de 50 euros.

Nun acto dirixido polo presidente asociación, José Luis Balseiro, e o alcalde da localidade, Darío Campos, escolleuse aos gañadores do sorteo. Esta asociación, que conta xa cunha trintena de membros, ten previsto continuar coas súas actividades que consistirán en facer un vídeo promocional e ademais preparar un logotipo que serva para facer bolsas recicladas e así facer máis visible ao colectivo e o municipio.

## Un músico uruguayo escribe unha canción dedicada á vila

O músico uruguayo Tincho Fernán con orixes en A Pontenova dedicou á localidade dos seus ancestros a súa nova canción, *Terra dos meus avós*.

Como o propio autor explica, “é una canción moi especial e creo que se merece todo o agarimo que se lle poida dar. *Terra dos meus avós* é unha homenaxe aos meus devanceiros, unha recensión dos pobos perdidos de Galicia, dos seus encantos, da súa xente e de que

moitas veces o camiño de volta para un emigrante non é o mesmo que de ida.

No meu caso, 3 xeracións despois retorno onde empezou todo. Escribir esta canción era algo que tiña pendente facer desde que pisei terra en Galicia no ano 2007 para coñecer as miñas orixes”.

O músico ten as súas orixen na Pontenova, nas vilas de San Pedro do Bogo e Foxas, de onde emigraron os seus avós.

### vegadeo

## Vegadeo licita o cambio de parte do seu alumneado

O proxecto ten como obxectivo a renovación de parte das instalacións de iluminación pública exterior do municipio de Vegadeo, mediante a subministración e instalación de luminarias con tecnoloxía LED, a renovación de centros de mando e adecuación do cableado, que permitan lograr unha mellora da súa eficiencia enerxética. As actuacións previstas afectan ás instalacións de iluminación exterior de 70 centros de mando situados no concello de Vegadeo, principalmente situados en zona rural, cun total de 840 luminarias.

A iluminación pública rural do concello de Vegadeo está formado principalmente por luminarias de tipo viario rural equipadas con lámpadas de vapor de sodio de baixa presión de 55 W. Existen tamén algunhas luminarias de tipo cazoleta con lámpadas de vapor de sodio de alta presión de 70 W. As luminarias de tipo viario



Vista de Vegadeo

rural e cazoleta atópanse instaladas principalmente en postes de formigón e en fachada, existindo un pequeno número de postes de madeira. Todas as luminarias existentes dispoñen de equipo auxiliar electromagnético. O contrato ten un prazo de execución de 6 meses. O límite para a presentación de ofertas fíxose para o 17 de febreiro.

## Destinan o Plan Único a obras na fonte da Grela e no centro social

O Concello da Pontenova prepara estes días a finalización dos traballos que corresponden ás obras do Plan Único do ano pasado. “A situación da covid impediunos rematar moitas das obras que estamos comentando agora”, explica o alcalde, Darío Campos.

Así, nestes intres están finalizando obras de aglomerado en quente en varias vías, como a de Candaedos ou a de Souto de Novos, así como a de Villarín e outra estrada da zona, todo elo por valor de 135.000 euros.

Ademais destas vías, tamén se están a facer arranxos con formigón en distintos núcleos das parroquias, que supón un total de 30.000 euros de presuposto.

O grupo de Goberno traballa estes días en preparar os proxectos para os traballos que se acometerán coa partida do Plan Único correspondente a este ano. Así, está previsto nun primeiro momento destinar unha das partidas á reparación de estradas en Vilar de Conforto, Bouloso e Vilameá.



Unha vista do Forno de Bouloso

Así mesmo, teñen previsto reconstruír un antigo muro no forno de Bouloso, un muro que había de antes e que co paso do tempo e as inclemencias meteorolóxicas foi se resquebrando. A intención é reconstruír o muro e continuar co arranxo con formigón nos núcleos poboacionais, non só nos accesos senón en todos os puntos que se atopen en mal estado. O alcalde avanzou que están espe-

rando o plan de axudas das deputacións para tomar dende o Concello algunha medida para de apoio aos negocios locais máis afectados. Asegura Campos que “estamos pendentes das subvencións destes organismos tamén para elaborar os nosos orzamentos e saber a dispoñibilidade que temos á hora de establecer novas axudas”. A intención é poder aprobar os orzamentos municipais este mes ou o que vén.

## MAR

## Botan un barco en Foz construído no polígono industrial de Fazouro



Botadura do barco no porto de Foz

O peirao de Foz acolleu a botadura dun barco pesqueiro construído no polígono industrial de Fazouro.

Anunciouno o alcalde, Fran Cajoto: “hoxe tivemos unha moi boa nova no peirao de Foz: botouse un barco pesqueiro de considerables dimensións, o Josercris, con matrícula de Avilés, que vai para Lúcar. Foi feito no polígono de Fazouro polo estaleiro KSINS. É unha embarcación de fibra, ben deseñada e esperamos que lle sirva ao seu propietario con saúde para obter eses froitos do mar”.

O rexedor municipal destaca que “volver ver en Foz a botadura dun

barco, despois da tradición mariñeira que ten a vila, con 5 estaleiros que chegamos a ter funcionando ao mesmo tempo, a verdade é que dá moita ilusión. É unha noticia de esperanza nuns momentos complicados que estamos a vivir”.

Cajoto rematou comentando que “na tradicional rotura da botella contra o casco escachou á primeira, o que esperamos que sexa un augurio de moi boa sorte e que dea moitas alegrías aos seus propietarios. E que o estaleiro siga fabricando barcos de tan boa calidade aquí, en Foz”.

## Este ano non haberá Expomar pero si xornadas técnicas

O alcalde de Burela e presidente da Fundación Expomar, Alfredo Llano, anunciou que en maio deste ano non se celebrará unha nova edición da Feira Náutico Pesqueira, debido á situación sanitaria. A Fundación mantén as Xornadas Técnicas e o Encontro Empresarial, que se desenvolverán de xeito telemático.

Alfredo Llano, tras a xuntanza que mantivo nas últimas horas a Fundación Expomar, explicou que “é imposible facer nin a Feira Expomar nin calquera outro evento que requira gran movemento de material e de persoas que teñen que estar nun recinto. Polo tanto, en principio decidimos non convocar a ninguén para a Feira Expomar. Iremos observar como vai evolucionando todo pero, evidentemente, se vemos que non hai seguridade e pode repercutir negativamente na celebración

dunha Feira Expomar de baixo nivel non a imos facer”.

O alcalde burelés subliñou que “queremos que o sector náutico pesqueiro sexa protagonista e estea sempre aí. Polo tanto, imos manter as Xornadas Técnicas e o Encontro Empresarial no mes de maio. Será seguramente de xeito telemático e miraremos os mellores temas e os mellores profesionais para participar nas conferencias onde analizar a situación do sector porque realmente é algo que preocupa. Tamén procuraremos contar coa celebración unha vez máis do Consello de Pesca”. O presidente da Fundación Expomar dixo que “imos reunirnos de novo en abril para falar deste tema. Unha vez que pase a Semana Santa volveremos xuntarnos con propostas para facer unhas Xornadas Técnicas coa xente máis implicada”.

## Adxudican as obras da nave de redes situada no porto de Burela

A Xunta vén de publicar na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia a adxudicación das obras de acondicionamento da nave de reparación de redes do peirao norte do porto de Burela, por 267.000 euros.

Os traballos suporán unha reforma integral das instalacións e teñen un prazo de execución de tres meses. O proxecto prevé a renovación completa da envolvente da edificación, tanto da cuberta como das fachadas, así como a substitución das instalacións de electricidade, alumeadado e fontanería.

Para corrixir as actuais deficiencias que presenta este espazo, está previsto cambiar a chapa metálica da cuberta, incluídas novas baixantes e canlóns para evacuar as augas pluviais; e tamén a da fachada, que será substituída por paneis prefabricados de formigón armado.



Unha vista da nave de redes de Burela

Ademais, favorecerase a iluminación natural coa instalación dun lucernario na cumbreira e paneis translúcidos na parte alta das fachadas laterais. Tamén se mudarán as portas de acceso por outras corredizas e sanearase a estrutura mediante tarefas de limpeza, desoxidado

e pintado. Na zona central habilitarase un aseo e un almacén.

A nave ocupa un edificio de planta baixa situado na zona de atraque das instalacións portuarias de Burela e é empregada pola confraría de pescadores como local de almacenamento e reparación de redes.

## Aproban a solicitude para que a Xunta restaure o servizo de gardapeiraos en Celeiro e Burela

Comisión de Pesca do Parlamento aprobou por unanimidade unha proposición non de Lei presentada polo PSdeG para esixirle á Xunta que cubra as vacantes dos gardapeiraos asignados aos portos de Burela e Celeiro. A portavoz de Pesca do Grupo Socialista, Patricia Otero, explicou que o procedemento para contratar aos 5 gardas que teñen asignado cada un dos portos comezou en xaneiro de 2020 e aínda non rematou. Otero explicou que estes portos tan só teñen 3 ou 4 profesionais encargados das tarefas de gardapeiraos, que pasan polos controis de acceso, o control da circulación de vehículos e embarcacións. Estes traballadores deben “velar pola seguridade dos empregados, usuarios, pasaxeiros e as mercadorías”, en virtude das novas atribucións asignadas pola Lei de Portos aprobada polo PP en solitario en 2017, que “lles engade o papel de axentes de seguridade”.

A responsable socialista trasladolle hoxe ao goberno galego as demandas dos usuarios de dous dos portos máis importantes dos que xestiona Portos de Galicia, que asumen actividade pesqueira, tráfico de mercadorías e náutica de recreo. Actualmente “non se dota de persoal, non cobren as vacantes e os usu-

rios séntense indefensos, mentres Portos segue a cobrarlle as taxas aos armadores, ás lanchas recreativas e a tódolos usuarios destes portos”.

A escaseza destes profesionais nos portos autonómicos, continuou, provoca “riscos de roubos en determinados portos galegos, como sucedeu no de Ribeira, polo que continuamente están a denunciar falla de persoal e indefensión dos usuarios”. Patricia Otero esixiulle ao goberno galego que cumpra co mandato parlamentario, e advertiu que o propio portavoz do PP anunciara que o procedemento remataría “no primeiro semestre do ano”, co que, augurou a parlamentaria socialista, “estámolos situando como mínimo no mes de xuño para iniciar un procedemento aberto en xaneiro de 2020”.

Sinalou que “o importante é executar os compromisos, porque o demais será votar e non facer nada”, e puxo como exemplo as votacións a favor das dragaxes na Mariña, como é o caso do porto de Tupide, en Foz. Neste caso concreto, explicou, despois de ter aprobado unha iniciativa e da visita da presidenta de Portos in situ para anunciar que o tema estaba resolto, “atopámonos con que nos orzamentos deste ano hai 0 euros para facer a dragaxe”.



## O Estado fixa en 10.000 kilos as capturas de pescada

A Secretaría Xeral de Pesca vén de establecer os topes de capturas e desembarques para pesca da pescada por parte de embarcacións de artes menores no Cantábrico e Noroeste. Así, a cota inicial de pescada para o ano 2021 que corresponde á frota de artes menores do Cantábrico e Noroeste é de 707.560 quilogramos, que se xestionarán de maneira global repartíndose linealmente por trimestres naturais.

Do total establécense un tope máximo de capturas de pescada de 10.000 quilogramos por barco e ano, de modo que ese será o límite máximo de capturas que cada barco poderá acumular ao longo do ano. Á vista do desenvolvemento da campaña, estes topes poderían modificarse ao longo do ano. No caso de que un buque exceda o tope máximo anual, terá prohibida a pesca de pescada para o resto da campaña.

## DEPUTACIÓN

# O Pleno esixe á Xunta fondos para os afectados pola covid

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia 220 millóns de euros de fondos extraordinarios, que xa recibiu do Estado, para as entidades locais e para os sectores económicos máis afectados polo impacto da pandemia. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de xaneiro, que se celebrou por vía telemática, tras unha proposta presentada polo Goberno provincial, que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e o BNG, e os votos en contra do PPdeG.

En concreto, a institución provincial reclámalle ao Executivo autonómico que inclúa nos seus orzamentos do 2021 cando menos 100 millóns de euros para os concellos, que ata o momento non recibiron nin un só euro extra para afrontar a pandemia, co obxectivo de axudarlles a facer fronte ás competencias impropias que están cubrindo na loita contra a crise sanitaria, e 120 millóns de euros para crear unha liña de axudas destinadas aos sectores económicos máis afectados polas restricións da Covid-19.

A voceira socialista do Goberno da Deputación, Pilar García Porto, explicou no Pleno que esta iniciativa complementa a proposta das deputacións de Lugo, A Coruña e Pontevedra que foi trasladada onte ao Clúster de Turismo de Galicia de crear un fondo común de rescate para o sector da hostalería e o turismo ao que a Xunta, as catro



Imaxe da fachada da Deputación, iluminada en verde contra o cancro

deputacións e os sete grandes concellos galegos destinen o 1% do seu Orzamento do 2021. “Nós estamos dispostos a seguir colaborando para apoiar a un dos sectores máis afectados pola pandemia”, subliñou. Fixo fincapé García Porto en que a suma do 1% dos orzamentos da Xunta de Galicia, das catro deputacións provinciais e das sete grandes cidades galegas permitiría crear e coordinar un gran plan de axudas directas ao sector por importe de máis de 140M€, un importe case tres veces superior aos 50M€ que propón o Goberno galego. Este fondo común estaría máis adaptado ás necesidades e á realidade do sector permitindo outorgar axudas de maior contía a hostaleiros e empresas do sector turístico e unha tramitación máis simple, con menos buro-

cracia, ao tramitarse unha única solicitude.

**PLAN DE AXUDAS.** A voceira socialista do Goberno lembrou na sesión plenaria que a “Xunta de Galicia non ten presentado nestes meses un plan de axudas concretas para paliar os efectos da Covid nos sectores máis afectados”. Engadiu que a “única iniciativa que puxo en marcha ata o momento foi habilitar unha axuda económica de 22 millóns, unha cantidade que é insuficiente e que non garda relación coas perdas dos negocios, nin co esforzo dos concellos, que non está repartida na súa totalidade e que representa unha porcentaxe ínfima dos fondos extra de loita contra a Covid que lle ten transferido o Goberno do Estado e a Unión Europea á Xunta de Galicia”.

# Aproban obras en estradas de 7 concellos

A Deputación aprobou en Xunta de Goberno actuacións para a mellora de 11 estradas provinciais que discorren por dez concellos nas que a institución inviste preto de 1.160.000 euros.

A maior parte destas estradas pertencen á Mariña. Así, foi aprobada a adxudicación das obras de rehabilitación de firmes en 4 estradas de Ourel por importe de 254.584€ e un prazo de execución de 6 meses. Por un lado, mellorarase a LU-P-6602, que vai de Rúa Nova a Muras, e que dá servizo á veciñanza que ten gando na Serra do Xistral e tamén ás empresas que realizan o mantemento dos parques eólicos da zona. Neste caso vaise arranxar medio quilómetro, dende o punto 18,550 ata o 19,095. Neste concello, tamén se vai arranxar a LU-P-3805, que une os núcleos Sixto con Campo do Foxo, en dous tramos: o que vai do quilómetro 0 ata o 1 e do 11,240 ao 14,917. Esta vía provincial comunica as parroquias de Bravos, Ambosores e Sixto. A terceira estrada é a LU-P-6406, que vai dende Cristo da Portapena ata Ponte Segade. Neste caso, son os 200 primeiros metros de estrada, que presenta estragos. Amañarase tamén a LU-P-3808 de Foxo a Portapena, nun tramo de 2,676 Km.

A Xunta de Goberno aprobou a licitación dos traballos na LU-P-0210, que une A Seara (Alfoz) e San Acis-

clo (Foz) dende o punto quilométrico 5,100 ao 5,236. O prazo de execución das obras será de 6 meses e contarán cun orzamento de 118.994,49€. As actuacións consistirán no ensanche e mellora da vía, o aglomerado en quente, e a dotación de iluminación e beirarrúas co fin de mellorar a seguridade viaria. A Deputación inviste neste proxecto uns 130.000 euros, entre a execución das obras e a compra dos terreos.

Así mesmo, aprobouse tamén o Plan de Seguridade e Saúde para acometer o proxecto de renovación do firme da LU-P-5506, que discorre polos concellos de Trabada, A Pontenova e Lourenzá, dende o quilómetro 0 ata o 4,1. Con estas obras, que contan cun orzamento de 152.500€, a estrada de Augaxosa a Trabada, que é a principal vía de comunicación deste concello coa capitalidade lucense, queda renovada de maneira íntegra.

En Barreiros, tamén poderán iniciarse os traballos por 91.300€ de mellora da estrada provincial LU-P-0610, coñecida como a estrada da Costa, nas próximas semanas logo da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde. Son dous quilómetros, cun prazo de execución de 9 meses. José Tomé destacou que esta estrada ten “moita importancia estratéxica na Mariña porque é a que discorre paralela ás praias e chega ata a das Catedrais”.

## A asociación Apned recibirá unha achega de 10.000 euros

A Deputación de Lugo colabora coa Asociación de Pais e Nais de Nenos con Discapacidade da Mariña Lucense (Apned) a través dun convenio no que a institución achega ao colectivo 10.000 euros para axudar no financiamento dos gastos derivados do servizo ambulatorio, coitados que reciben os usuarios e usuarias nos seus propios fogares. O presidente, José Tomé Roca, subliñou o “compromiso e a aposta decidida da Deputación para garantir medidas que melloren a calidade de vida e benestar dos 32 nenos e nenas con capacidades diferentes que integran este colectivo da Mariña, así como das máis das 60 familias que o forman”. Coa posta en marcha deste servizo

de ambulatorio preténdese dotar ás familias de recursos, hábitos e habilidades, para que pouco a pouco os nenos e nenas adquiran estratexias que supoñan o desenvolvemento de capacidades para o desenvolvemento da súa vida cotiá, así como os medios para que poidan entenderse e comunicarse cos seus fillos. Con este servizo abarcan toda a comarca da Mariña. A Asociación de Pais e Nais de Nenos con Discapacidade da Mariña Lucense é un colectivo sen ánimo de lucro, creado no ano 2001 por pais e nais de nenos e nenas con capacidades diferentes que ofrece, a día de hoxe, atención individualizada a usuarios de concellos mariñáns.

## Crean un novo espazo 3.0 para maiores

A Deputación de Lugo abriu unha páxina en Facebook de Maiores Lugo 3.0, co que se promove o uso das novas tecnoloxías entre os lucenses de máis de 55 anos, así como a súa autonomía persoal. O obxectivo é que os maiores da provincia poidan seguir activos desde as súas casas mentres non sexa posible impartir a programación habitual de cursos presenciais por mor da pandemia da covid-19.

Esta iniciativa formativa e interactiva está dirixida especialmente aos maiores, aínda que está aberta a todas as persoas que queiran participar, xa que os seus contidos poden interesar a calquera cidadán, independentemente da súa idade. Deste xeito, facilítase unha nova vía para que os maiores, que en moitos casos viven sós, poidan seguir en contacto nestes tempos



Unha das imaxes antigas do banco

nos que a Covid-19 lles impide asistir a cursos e obradoiros e ven reducido ao mínimo os seus contactos presenciais.

O novo espazo, que xa está funcionando, publica todos os días contidos audiovisuais, xogos, adiviñas e

pasatempos para exercitar a mente, así como tutoriais sobre aplicacións e ferramentas tecnolóxicas para aproveitar ao máximo o uso das TICs. Ademais, estanse a compartir fotografías antigas do banco provincial de recordos.

## DEPORTES

### Suspendidas as competicións federadas e os adestramentos ata o 17 deste mes pola covid

Dende o 20 de xaneiro quedaron suspendidas en Galicia as competicións de todo o deporte federado. O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, anunciou que decidiron suspender temporalmente as de ámbito autonómico ata que a situación do virus mellore. A suspensión quedou prorrogada ata o 17 de febreiro, tralo Entroido. Non pasou o mesmo coas de carácter nacional, que continuarán a celebrarse.

Por outra banda, o conselleiro indicou para os deportistas novas medidas nos adestramentos, que si estarán permitidos pero con restri-

cións aínda que unha semana máis tarde suspendéronse tamén.

Segundo explica, estes deberán rexerse polas mesmas regras que os deportistas convencionais, con adestramentos individuais ou de grupos dun máximo de catro persoas, e estarán suxeitos tanto ao toque de queda como ás limitacións de mobilidade, alí onde se apliquen. Finalmente optouse por suspender tamén os adestramentos en grupo.

Para os vestiarios de ximnasios, houbo instrucións concretas que se definiron na orde que se publicou no (DOG).

### Os clubs de piragüismo da comarca reciben unha achega

Sete clubs de piragüismo da provincia firmaron un convenio coa Deputación que lles permitirá o financiamento de actividades de promoción deste deporte nos centros educativos, asesoramento técnico a clubs e deportistas a través de visitas e concentracións e a organización de xornadas e cursos de formación para o persoal técnico dos clubs.

As actividades desenvólvense ao longo do ano coa implicación dos sete clubs da provincia, Club Fluvial de Lugo, Club Piragüismo Cidade de Lugo, Club Kayak de Foz, Club Piragüismo de Viveiro, Club Deportivo San Ciprián, Club Piragüismo Altrúan (Ribadeo) e Club de Montaña Quixós (Monforte),



Piragüistas do San Cibrao

con máis de 500 padexeiros e padexeiros federadas en total.

O ente provincial achega 96.000 euros para o desenvolvemento destas actividades, incrementando en 11.000 euros a cantidade investidas nas últimas anualidades.



**BRAIS GARCÍA.** O atleta ribadense Brais García González estreouse na categoría sub-16 cun triunfo, xa que resultou vencedor da segunda edición do control de marcas Vila de Noia. O velocista mariñán participou na final B dos 60 metros lisos e impúxose con autoridade, non só aos rivais da súa quenda senón tamén aos que participaron na rolda.

### O Ribadeo FC quédase ás portas do inicio da Liga en Preferente

Tras varios cambios de dirección e anuncios contradictorios, finalmente Gerardo García Berodia volverá a Galicia tras máis dun ano e medio inactivo, nas filas do Ribadeo FC, que compite esta tempada en Preferente.

O reputado mediapunta, que se formou en Madrid pero participou no lanzamento do CD Lugo, comprometeuse co Ribadeo despois de que o Celta Barreiros o liberase tras confirmarse que non haberá competición en Segunda Autónoma polo momento.

Berodia, o mago zurdo da quinta do 81 na Fábrica, brillou á beira de nomes propios como Iker Casillas, Aganzo, Valdo ou Borja Fernández. Unha lesión truncou o seu imparable crecemento, aínda que forxou unha notable traxectoria en conxuntos como Leganés, Zamora, Ponferradina, Lugo ou Wilstermann, da máxima categoría boliviana. Na súa última tempada en activo, a 2018-19, militou no Unión Adarve de Segunda División B. Instalado na Mariña por motivos familiares, decidiuse a retomar a práctica do fútbol federado. Con el dase por pechada a listaxe de xogadores que iniciarán a competición este mes tal e como anunciou



O Ribadeo FC comezou os adestramentos

a Federación de Fútbol, aínda que o inicio podería retrasarse ata marzo.

A incorporación de Gerardo García Berodia vén a sumarse ás presentacións que realizou o Ribadeo ata o de agora.

O adestrador Rafa Casanova deu a benvida ao club mariñán a outras dúas incorporacións con notable experiencia na categoría, Javi Fraga e Adrián Barreira.

O burelense Javi Fraga, de 23 anos, é un atacante diferencial que se formou na canteira do Lugo e xa acumula catro tempadas consecutivas. Tras defender ao Lugo B Polvorín, o Castro e, por último, a Sarria, alcanzou a cifra redonda de cen partidos e 29 goles na máis potente das divi-

sións autonómicas.

O outro reforzo tamén é Adrián Rodríguez Barreira, de 21 anos, que xa militou no primeiro equipo ribadense entre 2017 e 2019 tras pasar polo Iberia. Volve despois dunha tempada no Astur Vegadense.

Súmanse aos futbolistas presentados fai uns poucos días: Luki, Santi Vázquez (Friol), Iván Moreda (SD Ribadeo xuvenil), o central Anxo (Rúa) e o lateral dereito Xairo (Vilalbés).


A eles tamén hai que engadir ao extremo local Fran, de 22 anos; Juanma, xogador de 32 anos, defensa e natural de Castro de Rei; Dani, outro defensa central diestro procedente do Friol; ou os xuvenís Del Viso, More, Anxo e Iván García.

### Adrián Ben achégase á marca europea dos 3.000 metros en Valencia

O atleta mariñán Adrián Ben Montenegro retornou ás pistas durante case once meses sen competir amosando o seu gran estado de forma. No Gran Premio Ciudad de Valencia rebaxou a súa plusmarca nos 3.000 metros en case dez segundos e quedou a tan só 75 centésimas de alcanzar a mínima para o Europeo baixo teito de Torún (Polonia) nunha distancia na que se lle auguraron poucas posibilidades.

O mariñán mantivo un ritmo implacable no Memorial Toni Lastra. Seguiu o seu ritmo, sempre na cola do pelotón e sen entrar ás substitucións do resto de candidatos. Cando a carreira estirouse, mantívose firme no seu plan para acabar cruzando a meta en 7:55.75 na sétima posición. A súa anterior marca persoal databa de xaneiro do 2018 e era de 8:04.02.

Por diante, a vitoria levouna o granadino Ignacio Fontes cun tempo estratosférico de 7:50.33. O burgalés Jesús Gómez necesitou só cinco



Adrián Ben, adestrando en Viveiro

centésimas máis, Fernando Carro 21 e Dani Arce 31. Todos eles e tamén Nassim Hassaous (7:52.84) e Abderrahman O Khayami (7:53.14) apuntáronse mellor marca persoal e mínima para o próximo Campionato de Europa en pista cuberta.

**SUBVENCIÓN.** Un total de 178 deportistas recibirán este ano as achegas da Deputación, que oscilan entre os 300 e os 1.500 euros en función

dos méritos deportivos acreditados, entres os que se atopa o atleta Adrián Ben.

As bolsas benefician a deportistas da provincia, con licenza federativa e menores de 35 anos, de diferentes modalidades: atletismo (67), piragüismo (26), pentatlón moderno (19), tiro olímpico (12), natación (10), judo (10), taekwondo (9), karate (7), hípica (4), surf (3), squash (2), kickboxing (1), tenis (1), ximnasia (1), billar (1), triatlón (1), bolos (1), remo (1), orientación (1) e loita (1).

Así, as maiores contías -entre 1000 e 1500 euros- recibíronas atletas como Jairo Salgueiro, Manuel Hurtado, Adiaratou Iglesias, Adrián Ben, Saleta Fernández ou Nuria López; o triatleta Esteban Basanta; o taekwondista Daniel Areán; o piragüista Ramón González; o loitador Carlos Yobani; as pentatletas Mercedes Vila, Andrea Vidal, Thalia Abiba Oyono e Manuel Fernando Cobas; e o xogador de billar Francisco Doval.

# O Burela xa é o mellor equipo do mundo

As Guerreiras Laranxas, ás que se incorpora Mayara, reciben o premio para completar o triplete de títulos

O Pescados Rubén Burela FS suma unha ledicia máis aos éxitos de 2020. Tras a conquista da Supercopa de España, Liga e Copa da Raíña, ademais de 4Nations Futsal, agora tamén loce o recoñecemento como Mellor Club Feminino nos FutsalPlanet Awards 2020. A entidade mariñá ten a honra e privilexio de converterse no primeiro gran triunfador na estrea da categoría dos premios, que xa contan cunha traxectoria de vinte e unha edicións, compartindo o nomeamento con equipos de Rusia, Portugal, Ucraína, Brasil, Irán, Italia e Xapón. O galardón do club laranxa, que o 4 de setembro de 2021 cumprirá vinte anos de traballo, dedicación e devoción polo fútbol sala en igualdade, foi avalado por 523 votos. O luso Sport Lisboa e Leões da Serra do Brasil completan o podio, con 450 e 428 respectivamente. O laranxa tamén deixou o seu escintileo nos premios individuais de Mellor Xogadora e Mellor Adestrador Feminino, coa Prata ostentada por Peque e Julio Delgado. A capitá burelista, recoñecida recentemente como MVP da Supercopa de España, volveu á palestra de FutsalPlanet por cuarta vez para obter 478 votos, fronte aos 698 da brasileira Amadinho, triunfadora dende 2014. O cumio do apartado técnico estivo moi rifado, con tan

só 17 votos de diferenza, entre a segunda praza do mariñán (432) e a da gañadora, a tamén brasileira Cristiane de Souza.

**NOVAS FICHAXES.** A internacional brasileira Luísa Mayara da Silva Borges (Blumenau, 1991) estrearse no fútbol sala español como reforzo do Pescados Rubén Burela FS. A ala de 29 anos, que xa se atopa na Mariña, será presentada oficialmente pola estrutura das actuais Tricampioas unha vez cumpra co período de illamento domiciliario por protocolo Covid-19 e se realicen todos os trámites administrativos precisos. Luísa Mayara, que xa compartiu vestiario e título de campioa na Selección do Brasil coas burelistas Cilene e Cami na Copa América 2019, recalca procedente de Female Futsal e cunha ampla e recoñecida traxectoria dende o seu club natal Blumenau, pasando por Jaraguá do Sul, Brusque, Chapecó ata o italiano Lazio ou Adef de Brasília. Giovana Julieta Tineo Rojas é a última incorporación na relación de profesionais que coida da saúde dos equipos sénior do Pescados Rubén Burela FS. A doutora colaborará nas tarefas coordinadas polo xefe médico da entidade laranxa, Francisco Javier Fernández Couce, responsable ademais das medidas de Protocolo Covid-19.



As laranxas posando coa Supercopa

## Ale e Peque, convocadas para a Selección nacional

As xogadoras do Pescados Rubén Burela FS Peque e Ale de Paz teñen por diante un novo reto internacional defendendo a España. A Selección incluíu, unha vez máis, a madrileña e a galega na súa lista de convocadas para medirse nun duelo de titáns fronte ao Brasil. Previsto para os días 9 e 10 de febreiro, na Cidade do Fútbol de Las Rozas, finalmente o duelo foi aprazado debido ás restricións impostas nos voos entre os dous países. Para ambas as burelistas este será

o terceiro chamamento de Clàudia Pons no que vai de tempada, aínda que a 7 mariñá non puido participar nos dous anteriores por problemas físicos. Neste espectáculo entre as dúas grandes potencias do fútbol sala brillará o laranxa sen ningunha dúbida, cun total de 6 xogadoras do Pescados Rubén. Peque e Ale Paz mediranse a un combinado que contará tamén coa garra das Guerreiras representada por Jozi, Dany, Cami e Jane.

## Celebrouse o Illa Pancha challenge con polémica



O pasado 1 de febreiro de 2021 celebrouse o II Illa Pancha Challenge. Debido ao estado de alerta sanitaria tívose que disputar sen público e cumprindo todos os protocolos de seguridade recomendados polas autoridades sanitarias. A nivel deportivo foi todo un espectáculo, aínda que aseguran que "é certo que nesta ocasión o Panchorro non se mostrou tan potente como na primeira edición, pero aínda así non llo puxo nada fácil aos raiders e por momentos acadou un tamaño máis que respectable". A organización indicou que o resultado da competición darase a coñecer nas próximas semanas para as categorías de Mellor Performance Feminina, Peor Wipeout, Onda Máis Grande, Mellor Tubo, Mellor Equipo Español e After Surf Mellor Equipo.

# TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 85 81  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/ 982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
 Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

**amariñaxa** sornal independente da mariña [www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: [redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323 [redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)

## COLABORACIÓN

## Sexoloxía... Cando as cousas non van tan ben como nos gustaría!

## PSICOLOXÍA

Lorena Maradona  
Psicóloga

**U**n sexólogo é un profesional que realiza labores de educación sexual, de información e orientación e de asesoramento psicolóxico e intervención ante os problemas sexuais e de parella. Afortunadamente cada vez son máis os pacientes que chegan a consulta con inquedanzas deste tipo, borrando así os tabúes e as fronteiras que parece que sempre se asoman cando nos propoñemos poñer sobre a mesa o fascinante, á vez que complexo e inabarcable, mundo da sexoloxía. ¿Cáles son as preguntas máis comúns que responden os sexólogos? Eiquí van algunhas delas:

- \*Por que non teño gana de sexo?
- \*Anorgasmia: Que me impide chegar ó orgasmo?
- \*O tamaño do meu pene é nor-

mal?

\*Son exaculador precoz, que podo facer?

\*Como combatir a disfunción eréctil ou impotencia?

\*Existe a muller multiorgásmica?

\*Eyaculan as mulleres?

\*Por que as mulleres tardan máis en chegar ó orgasmo?

\*Que idade é a ideal para empezar a manter relacións sexuais?

\*Que son exactamente os preliminares?

\*É normal ter fantasías sexuais que me xeneren malestar?

\*Acábase o sexo para as mulleres coa menopausia?

\*Masturbarse pode provocar disfuncións sexuais?

\*É certo que non é posible quedar-se embarazada tendo a regra?

\*É normal ter só orgasmos clitorianos?

\*A miña parella e eu practicamos pouco sexo, é normal?

\*Por que me doe a penetración? Parece algo proveitoso o preciar uns consellos para disfrutar do

sexo ó máximo e de forma saluda-ble. Imos aló:

\*Coidar a saúde: ausencia de cansancio e estrés, así como de depresión, déficit de testosterona, inxesta de certos fármacos... A práctica de exercicio físico regular é un potenciador da nosa libido.

\*Descubrir que che gusta: se ambos membros da parella poseen un bo autoconecemento o encontro entre ambos será moito máis fructífero e placenteiro. É vital aquí tamén a comunicación, a confianza e a intimidade entre ambos.

\*Deixarse levar: polo desexo do encontro, dedicar tempo ó amor e espacio ó erotismo.

\*Innovar: exploración continuada de estímulos visuais, táctiles, auditivos, olfativos...de calquer tipo, buscando alternativas en hábitos, posturas, ritmo...

\*Saber que a penetración é tan só unha opción: o noso órgano sexual é todo o corpo, e non só os xenitais. O coito é unha opción, pero

non ten por que ser a única. De feito, cando se considera que este é o elemento imprescindible para que haxa sexo soe dar moitos problemas, como a ansiedade. Hai que aprender a "xogar" a outras cousas. Bicarse, collerse da man, dormir abrazados e desnudos...poden cumprir perfectamente coas nosas expectativas sobre o encontro sexual e poden facer que sigamos satisfeitos no plano erótico.

\*Apostar por unha relación de parella sana: a ausencia de conflitos no seno da relación de parella constitúe un dos mellores pronósticos para mellorar a saúde sexual. A relación sexual coa parella foi considerada dende fai moito tempo unha obrigación máis que unha fonte de placer e de satisfaccións.

\*Ter unha actitude positiva: a dimensión sexual está moi relacionada coa mente. Os problemas da vida cotiá afectan ás relacións sexuais. Deberíamos de evitar que a sexualidade se vise

interferida polos problemas laborais. Tamén é importante liberarse -mental e afectivamente- de calquer prexuício negativo ante o sexo. Para iso, hai que darlle maior importancia ás fantasías sexuais en calquer contexto da vida diaria e máis especialmente antes, durante e tras as relacións sexuais.

\*A frecuencia que a parella desee: non existe unha frecuencia ideal, só a que marque a idade e as ganas de cada parella. Dende un orgasmo ou máis ó día ata dous ou tres ó ano poden ser suficientes se a persoa así o considera. A idade na que o home é máis potente e consegue o máximo de orgasmo vén a estar entre os 15 e os 25 anos en nas mulleres acrecentase entre os 35 e os 50 anos.

Para falar de isto e moito máis quedo á súa disposición no teléfono 604086408 ou na páxina web [www.maradonapsicologos.es](http://www.maradonapsicologos.es). Se podemos vivir un bo sexo, por que non???

## Entroido perpetuo

## CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**L**ibre, como el sol cuando amanece, yo soy libre como el mar..." así versa a fermosa e famosísima canción do gran Nino Bravo, pero, ¿cánto hai de verdade nesa afirmación? ¿Somos realmente libres ou só nos sentimos así? ¿Trátase só dunha percepción, dunha ilusión? Dificil resposta. Cada un de nós vive na súa propia "Caverna de Platón", existen tantas como persoas neste mundo. Sempre é moi complexo afrontar a nosa propia realidade, analizar a nosa vida de preto, auto-xulgarnos. As sombras reflexadas na nosa "caverna" son Netflix, Amazon, Facebook, Instagram..., esa proxección de nós mesmox. Vivimos na "casiña de chocolate" -elocuente metáfora que tan ben apuntou a miña compañeira Susana de Lorenzo-; ese lugar de falsa seguridade onde todo parece fácil, sen necesidade de esforzarse. Temos ao alcance máis pelis e series das que pode-

riamos ver nunha vida, compramos facendo un simple "click", ¡todo ventaxas!, ou iso din... Pero é que claro, xirar a cabeza na nosa "caverna" e pegarnos coa realidade de cara é moi duro, digo máis, é moi humano e comprensible querer escapar de todo aquilo que nos produce dor. Pura supervivencia, así de sinxelo. Febreiro é mes de Entroido, de filloas e cocido, de disfraces e máscaras. Pero, ¿acaso non vivimos xa no mundo das aparencias, das sombras e os reflexos? Parece que nin sequera somos capaces de apreciar a fermosura inherente da Natureza sen poñer un filtro. Sí, sí, algún dos tropeceiros que ten o Iphone 50, ou cal sexa o modelo polo que vaíamos. Pero claro, cómo vamos valorar todo aquilo que nos rodea se non somos capaces de observarnos a nós mesmox con verdade, sen filtros nin máscaras. En definitiva, sen disfraces. E é unha mágoa, porque hai infinidade de beleza ao noso alcance. Iso sí, tes que querer vela e sentila. E entón, cando traspasas toda esa maraña, ábrese unha fiestra moi grande, xigante diría eu. E podes

deixar de percibir a realidade só a través do reflexo da fogueira, deixando a caverna atrás para sempre. Parece ser que a celebración do Entroido ten a súa orixe en festas paganas que se remontan á Sumeria e Exipto antigos, hai máis de 5.000 anos; e que posteriormente continuaron durante o Imperio Romano no que hoxe coñecemos como "Bacanaís", festas na honra de Baco, Deus do viño. Coa expansión do Imperio a través de Europa, a festividade do Entroido acadou unha gran popularidade e arraigamento cultural nos territorios conquistados, sendo levada ás Américas por navegantes españois e portugueses a finais do século XV. Para visualizar a idea de "bacanal" podemos tomar, por exemplo, a extraordinaria representación que nos regala Tiziano (1490-1576) en "A bacanal dos andrios". Inspirado na obra do filósofo grego Filostrato de Lemnos (Imágenes, I, 25); a escena transcorre na illa de Andros, tan querida por Baco que o viño abrollaba dun arroio. Deuses, homes e nenos únense na

celebración dos efectos do viño, que en palabras de Filostrato: "fai aos homes ricos, dominantes na asemblea, xenerosos cos amigos, fermosos e de catro cóbados de altura". Curiosa descrición... Redunda nesta idea a partitura en primeiro plano: o canon "Chi boyt et ne reboyt il ne seet que boyre soit" (Quen bebe e non repite non sabe o que é beber), atribuído a Adriaen Willaert (1490-1562), compositor flamengo ao servizo da corte de Ferrara. A inclusión deste canon -antecesor do canon por tons- e o intento de recreación da música da Grecia Clásica, revela profundas analoxías entre a teoría musical ferraresa contemporánea e as innovacións cromáticas de Tiziano, quen ao parecer posuía coñecementos musicais. Son tamén numerosas as composicións musicais inspiradas no Entroido, como exemplo mencionarei tres especialmente recoñecidas. Comezarei pola famosísima suite "Le carnaval des animaux", obra do compositor romántico francés C.Saint-Saëns (1835-1921), unha música chea de humor e orixinalidade. Sen

abandonar Francia e o Romanticismo temos a abertura "Le carnaval romain" de H.Berlioz (1803-1869), pertencente á súa ópera "Benvenuto Cellini". E por último, a obra dun colega moi admirado por Berlioz, o compositor e virtuosísimo violinista italiano, N.Paganini (1782-1840). O seu tema con variacións, "Le carnaval de Venise", non é só un auténtico alarde de mestría violinística, senón que está impregnado dunha beleza e frescura exquisitas. Non é de estrañar que un evento tan extraordinario e delicioso como a celebración do Entroido na cidade de Venecia inspirara a Paganini, por suposto, sen desmerecer outras festividades igualmente únicas como a de Río de Janeiro, Cádiz, Xinzo de Limia, Verín cos seus cigarróns ou Laza cos seus peliqueiros. Disfrutemos do Entroido con boa música, cocido e filloas; pero iso sí, deixemos disfraces e máscaras ben gardadiños o resto do ano. Poder observar todo o que nos rodea con verdade e naturalidade permitiranos vivir fóra da "caverna" sen medo a un entroido perpetuo.

# O contrario dunha felicitación é isto

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**E**scribo este artigo desde o corazón, desde o único lugar onde non escoitan moitos dos que nos gobernan. Porque o corazón, coma a idade, é un lugar, ou eso me ensinou Manuel Jabois nas súas brillantes entrevistas. Personalmente gústame a estabilidade xa de por si. Os cambios asústame e as etapas de transición resúltanme convulsas, malia que necesarias, xa sei. Pero a meirande parte de autónomos e propietarias de pequenas e medianas empresas contestarán o mesmo a unha misiva similar. E mais os das grandes, e ata as donas de imperios xigantescos. Durante unha sobremesa de cando aínda estaban permitidas as reunións con non convivintes, falei con E. sobre as fontes de materiais didácticos. Compartiu conmigo a dificultade para atopar almanques nos que cada semana comezara polo luns. Case todos se adaptaran á nomenclatura lusa que comeza pola primeira feira para o día do Señor. P. díxolle que que mais lle tiña, que con meniños tan pequenos non había que reparar nesas cousas. E. é mestra de Educación Infantil, e rápido concluíu: "É moi importante establecer rutinas a esa idade."

Somos xente de rutinas, a esa idade e a todas, funcionamos ben así como sociedade. Xa falei do pracer que me outorga establecer tradicións coma os sábados das tortillas ou os domingos de fútbol. Todo o que se escape de aí, lonxe do que poda parecer é monotonía e aburrimiento. Pasamos por unha corentena de quince en quince días e atopamos onde entreternos ata con papel hixiénico, descubrimos que tamén se podía quedar cos amigos por videochamada e pasamos a ter a páxina do BOE en favoritos. Outra xente pasouna enferma, ou con familiares enfermos aos cales non podía acompañar na dor. Entendo o difícil que tivo que ser para os nosos políticos asumir a xestión dun país enfermo, cun virus do cal non sabiamos nada e sempre intento manterme alonxada de valoracións políticas ou comentarios destructivos. Pero ás veces, fáisenos imposible. E estou xeralizando como non se debe facer, porque de seguro que nunca aldea da Fonsagrada teñen un Alcalde que vive para servir ao pobo. Pero non é a norma común, e non falo de ideoloxías nin hai apelido na miña crítica. Hai moita incertidume, a que sembran a dia-



rio. Onde onte dixeron digo, hoxe din Diego. Hai centos de miles de persoas agradando por axudas que prometeron e non teñen pensado cumprir. Moreas de xente de risco agardando por vacinas que se venderon. Enfermos agardando por unha segunda dose que levaron familiares de alcaldes moi sanos. Todo, supostamente, como din na televisión a falta de probas concluíntes. Nunca escoitei ao meu alumnado falar acotío de política, mais alá dalgunha reivindicación puntual que adoitaban publicar nun chíó. Pero agora, é raro o día no que non escoito algunha queixa ben argumentada. Eu que sempre trato de buscar unha sinal positiva, penso se isto nos serviría para conectar á xuventude coa política, e nazan aí boas vontades de traballar servindo aos cidadáns.

Como non vou a volver criticar como tal, porque non me gusta, cóntovos algo extrapolable a calquera situación: O día de apañar as patacas fai uns anos, cun

sol que esmechaba que adoitaba coincidir co meu aniversario, ao caer do luscofusco, o meu avó mandoulle a meu pai levar os sachos á palleira. Aos poucos, a miña nai mandoulle ir polas empanadas ao cabozo. E meu pai berrou: "Sobra quen mande!" Libardo replicou axiña, "Pero hai que saber mandar, Ildiño." Pois iso, que debemos estar mais preto da ciencia para tomar segundo que decisións, e deixarse aconsellar por quen estudou moi duro para iso antes de sair falar para un país triste, moi triste e sumido no desconcerto.

Non obstante, fai uns días vin unha película que versa sobre o perdón e o proceso de sanación logo dun episodio doloroso e quedome cunha frase que anotei para poñela na miña axenda: O perdón non establece ningún tipo de relación. Só se trata de perdoar para deixar de odiar. A dor paraliza a capacidade de amar.

E en realidade, só nos queda isto, perdoar en cantidades industriais.

## HUMOR RURAL



## a elección de...



**Daniel García Fernández**  
Concelleiro de Cultura de Barreiros

un libro



Memorias dun neno labrego de Xosé Neira Vilas

un disco



Live at Wembley '86 de Queen

unha película



O Show de Truman

un personaxe histórico



Charles Chaplin

un lugar para visitar



León

unha afección



Saír en bicicleta

unha comida



A tortilla

unha bebida



O chocolate

Máis eventos en:

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

**D&A Díaz & Abad**  
abogados

**LEY DE SEGUNDA OPORTUNIDAD**

**¿TIENES DEUDAS?**

Da igual que seas empresa o persona física, podemos ayudarte. ¡Te asesoramos con la Ley de Segunda Oportunidad!

Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243  
Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# A Semana Santa de Viveiro continúa acendida

A festa, declarada de Interese Turístico Internacional en 2013, adaptárase de novo á situación sanitaria e formulará novas propostas



De esquerda a dereita, unha imaxe da procesión do Cristo da Vera Cruz, a Virxe do Camiño da Luz e o paso da Derradeira Cea

Por Claudia López

Se hai unha festividade relixiosa que caracterice Á Mariña en xeral e a Viveiro en particular esa é a Semana Santa. As procesións que percorren as rúas da vila lucense son consideradas referentes a nivel autonómico e destacan tamén entre os pasos do norte do país grazas ao seu valor artístico e emocional. A antigüidade desta celebración católica remóntase ao século XIII, o que a converte

nun dos festexos máis antigos e con máis tradición de Galicia. Tanta é a transcendencia da Semana Santa de Viveiro que no 1988 foi recoñecida festa de Interese Turístico Nacional e, no ano 2013, declarouse de Interese Turístico Internacional. Fai máis de oito séculos ás ordes dos franciscanos e dominicos asentáronse na vila mariñá para divulgar a Paixón de Cristo aos habitantes viveirenses e comezar o camiño desta gran tradición. As asociacións

encargadas da organización da Semana Santa son as Confrarías, que foron crecendo e mudando co paso da historia. A Venerable orde Terceira Franciscana e máis a Venerable Confraría del Santísimo Rosario foron as primeiras organizacións responsables dos actos da festividade católica de Viveiro. Séculos despois fóronse sumando máis confrarías para seguir mellorando e enriquecendo os actos da dita conmemoración. En 1944 fundase a Confraría do Santísimo Cristo da Piedade, da que co paso do tempo saíron tres Irmandades: a do Prendemento, a das Sete Palabras e a de mulleres da Santa Cruz. Na actualidade súmanse a confraría da Misericordia e a do Nazareno dos de Fóra na implicación das antigas celebracións.

Tradicionalmente, despois do Pregón da Semana Santa e os Vía Crucis, dábase comezo aos principais actos o Xoves Santo coa procesión da Derradeira Cea. Na media noite acollíase as procesións da Misericordia e do Prendemento. Na seguinte mañá, a do Venres Santo, as rúas de Viveiro enchíanse para

percibir o calor da procesión do Encontro, onde fan presenza o Cristo que cae e os pasos da Dolorosa San Juan e a Verónica. A tarde do venres celebrase o Desenclavo e a procesión do Santo Enterro, o paso máis elegante de todos, con portadores con vestiduras negras e altos capuchóns. Á media noite dase lugar a procesión da Paixón, onde participan as confrarías das Sete Palabras e a de Santa Cruz, conformada integramente por mulleres. Á madrugada sae as rúas tamén a procesión da Soidade, coas tallas da Virxe da Soidade, San Xoán e da Verónica.

**A SEMANA SANTA NO 2021.** Cada ano miles de turistas soen achegarse a Viveiro para poder gozar da celebración das Confrarías, sen embargo, a chegada da Covid no 2020 deixou a moreas de fregueses e turistas sen poder emocionarse un ano mais das recoñecidas procesións dende a rúa. A alternativa proposta pola da Xunta de Confrarías do pasado ano foi emitir pola rede os tradicionais pasos, conse-

guindo superar as 100.000 visualizacións nas súas redes sociais. Neste novo ano a incerteza segue a ser un factor presente na vida de todos e todas, pero como comenta o presidente da Xunta de Confrarías, José Veiga, “a saúde está por riba de todo” e este 2021 tampouco se levarán a cabo as procesións. “Falamos coa alcaldesa e as saídas á rúa están descartadas, está decidido que non se farán eventos grandes con aglomeracións de xente”, comenta Veiga. “Aínda que estivese permitido non o faríamos, tal e como está a situación non poñeríamos en risco a Viveiro”, engade. Dependendo de como evolucionen a pandemia, poderíanse levar a cabo “algunha exposición ou actos con aforo moi reducido”. Volverase a apostar polo formato en liña “estamos recuperando imaxes que non se emitiron o ano pasado para poder retransmitilas e que a xente siga en contacto coa Semana Santa eses días” e, ademais, intentarase “incentivar os actos litúrxicos que xa contan cun aforo moi limitado”, apunta o presidente.



As sete palabras

**PÍDANOS PRESUPUESTO Sin compromiso**

**VIVEIRO ASESORES**  
David Gómez Rosa - Colegiado Nº 2-1120 COAFGA

Asesoramiento fiscal, laboral y contable

Tramitación de subvenciones

Correduría de seguros

Gestión de comunidades de propietarios



C/ Misericordia, 41, Viveiro  
Telf.: 982 570 123  
www.viveiroasesores.com

Consejo General de Colegios  
Administradores de Fincas  
España

